González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre o apoio ao pequeno comercio na convocatoria de subvencións para a renovación de electrodomésticos

- 33557 - 19177 (11/PRE-007675)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Moureira, María Sol e 6 máis

Sobre as implicacións que supón para a Comunidade Autónoma de Galicia a formulación do artigo 18 do proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, e o resultado da súa votación na ponencia

- 33556 - 27700 (11/PRE-010064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento da rebaixa das peaxes da autoestrada do Val Miñor, AG-57

- 33555 - 28299 (11/PRE-010098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do posible cambio de titularidade das minas de San Fins, en Lousame, e do cumprimento de toda a normativa vixente que afecta esas instalacións

- 33554 - 28429 (11/PRE-010106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a situación de inseguridade viaria na AC-305, no lugar de Cimadevila, no concello de Boiro

- 33553 - 29691 (11/PRE-010174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a implantación de parques eólicos mariños nas costas galegas

- 33552 - 30188 (11/PRE-010213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para incoar expedientes ás entidades responsables da demora na remisión de facturas da luz

- 33562 - 30752 (11/PRE-010269)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a prórroga do contrato da inspección técnica de vehículos

- 33551 - 31418 (11/PRE-010330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a promoción desde a Xunta de Galicia da implantación de fábricas de compoñentes para a automoción

- 33550 - 31498 (11/PRE-010337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da proposta de convenio para destinar dous pavillóns do Instituto Feiral de Vigo ao uso da práctica deportiva

- 33549 - 31607 (11/PRE-010350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das ofertas presentadas polas empresas que optan á compra do estaleiro de Barreras

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga [11/PL-000013 (doc. núm. 32399)]**, en base ás seguintes consideracións:

1º.- O proxecto de lei ten un nome enganoso, que non se corresponde co contido da norma. En realidade, o obxecto da lei é a imposición aos concellos dun sistema de xestión do circuíto de abastecemento, saneamento e depuración da auga, para a posterior vertedura, sen que se teña en consideración unha verdadeira xestión circular da auga, isto é, un modelo de xestión que considere en primeiro lugar e con carácter prioritario a preservación e protección dos recursos hídricos; en segundo termo, os criterios e medidas para o aforro e a eficiencia na xestión integral das augas, non limitado ao circuíto abastecemento-saneamento-depuración; e, por último, a reutilización e aproveitamento das augas residuais unha vez tratadas.

Esta concepción limitada e restritiva da norma tamén foi sinalada no ditame do Consello Económico e Social, que puxo de relevo a necesidade de adoptar unha perspectiva o máis ampla posíbel da problemática do ciclo integral da auga: “botase a faltar a referencia expresa a unha análise de todos os recursos hídricos, incluídos os recursos hídricos naturais, a nivel de conca hidrográfica, que é a unidade e a escala necesaria de análise hidrolóxica”. Ademais, o CES indica que se bota en falta “referencias á drenaxe urbana e da xestión de augas pluviais, obviando os problemas das redes unitarias de sumidoiros e os problemas da escorrentía contaminada, cando o sistema de drenaxe tamén require investimento, xestión e recuperación de custos”.

En relación con esta materia, cómpre sinalar o incumprimento por parte da Xunta da obriga de creación do Consello para o Uso Sustentábel da Auga, órgano de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

participación e asesoramento previsto na lei de augas de 2010. A desidia na creación deste órgano pon de manifesto a desatención do goberno galego en todo o relacionado cos principios da “sustentabilidade”, da “nova cultura da auga” e da “economía circular da auga”, absolutamente subordinados a unha concepción centrada nas infraestruturas grises e nos grandes contratos con concesionarias.

En realidade, as limitacións e carencias da norma teñen que ver coa súa orixe: trátase dun proxecto de lei substitutivo do “non nato” Anteprojecto de lei de creación da sociedade para a xestión do ciclo integral da auga, S.A., co que a Xunta pretendía replicar o fracasado sistema de SOGAMA.

2º.- A xestión do ciclo da auga ten unha eiva importante nun sistema competencial fragmentado e incompleto, no que resulta especialmente aberrante a distribución competencial sobre bacías hidrográficas. A Xunta de Galiza non deu ningún paso nos últimos trece anos para ter a competencia de xestión, ou cando menos unha xestión compartida, sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego. A mellora da xestión efectiva e integral do ciclo da auga en Galiza precisa do exercicio da competencia sobre a totalidade do sistema e non só sobre a bacía de Galiza-costa.

3º.- A tramitación do anteprojecto adoece dunha preocupante falta de participación e diálogo coas demais administracións e entidades relacionadas coa xestión da auga, tal como poñen de manifesto as achegas e alegacións presentadas por concellos, deputacións e FEGAMP. Consideramos que un tema desta transcendencia debe ser obxecto de negociación e acordo entre as partes e non da imposición unilateral por parte do goberno autonómico. A política da auga debería ser obxecto dun gran pacto de país entre todos os actores, e non resultado da imposición como este proxecto de lei.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao longo dos 9 últimos anos, a Xunta foi incapaz de promover este acordo arredor da xestión do ciclo integral da auga: un acordo que debería dar resposta ás características e ás necesidades de Galiza, con políticas avanzadas de protección e conservación dos recursos; actuacións de mellora dos sistemas de abastecemento e das redes de drenaxe, saneamento e depuración; medidas de redución aforro e reutilización da auga, e criterios comúns de sostibilidade, calidade e eficiencia.

A este respecto cabe sinalar os compromisos de negociación XUNTA-FEGAMP sobre reparto de competencias e financiamento no marco da comisión de cooperación local, que deberían configurar o marco para a elaboración dun texto normativo como este, así como da planificación xeral e dos investimentos en materia de augas.

Ademais, a norma tramítase logo da incapacidade para levar o bo termo o Pacto Local da Auga, que tiña como finalidade establecer unha estrutura tarifaria homoxénea e de referencia para o ciclo urbano da auga en toda Galiza, así como a determinación de criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas.

Na práctica, este proxecto de lei supón enterrar os traballos relacionados con estas materias e impoñer de xeito unilateral ás entidades locais numerosas obrigas en prazos moi axustados.

4º.- Introduce condicións de financiamento e colaboración coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento arbitrarias, sen ter base nun estudo da realidade da xestión do ciclo da auga, sen ter en conta a capacidade económica dos concellos e sen incluír o esforzo orzamentario que levan feito os concellos nesta materia. Chega a invadir competencias doutras administracións ao pretender establecer mediante lei un sistema de financiamento (deputacións, concellos, Xunta) das infraestruturas hidráulicas nos concellos de menos de 20.000 habitantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5º.- Tal como puxeron de manifesto numerosos concellos e como reflicte o ditame do CES, a aprobación dunha norma destas características debería estar precedida da aprobación da correspondente planificación estratéxica, mediante os instrumentos de planificación previstos na lei de augas e na lei de ordenación do territorio.

Tal como sinala o ditame do CES, o goberno galego debería “contar coa correspondente planificación estratéxica na que participe o amplo mapa de actores que forman parte da política e están relacionados co ciclo integral da auga. Desta planificación debe resultar unha política de xestión que responda tanto ás necesidades como ás características propias de Galicia”.

Indica a seguir o CES que “con esta planificación debería asegurarse que o conxunto das infraestruturas que permiten almacenar, potabilizar, distribuír e depurar a auga estea garantido para todos os cidadáns e actividades económicas de calquera sector ou territorio”.

6º.- Os obxectivos reais do anteproxecto poden resumirse en dous: un primeiro é incrementar de xeito abusivo a carga fiscal da Xunta en relación ao ciclo da auga aos concellos, ás entidades de xestión da auga e ás usuarias domésticas e asimilábeis; e un segundo obxectivo é derivar nas entidades locais, concellos e deputacións, obrigas e competencias do goberno galego.

O incremento da carga fiscal queda claro na memoria económica que acompaña o proxecto de lei, no que se prevé un importante incremento da recadación de Augas de Galiza polos ingresos derivados das novas taxas revistas na lei. No caso da nova taxa que substitúe o coeficiente de vertedura, o canon de xestión de depuradoras, os ingresos previstos no primeiro ano son de 12 millóns de euros, fronte aos 5,8 actuais.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O mesmo cabe dicir do canon de xestión de redes de colectores, do canon da xestión de abastecementos e do gravame das perdas de auga en redes de abastecemento, medidas con finalidade claramente recadatoria e de carácter coercitivo.

Se ben ese estudo económico prevé un importante incremento dos ingresos de Augas de Galiza, non se levou a cabo ningún estudo semellante sobre o esforzo inversor que deberán levar a cabo os concellos, nin sobre o incremento tarifario que deberá acompañar o conxunto de medidas de obrigado cumprimento.

7º.- O proxecto de lei establece a obriga por parte dos concellos de desenvolver nun prazo limitado de tempo numerosos plans e actuacións en materia de augas, sen ter en conta o enorme esforzo de investimento que suporá para as arcas municipais, agravado polo actual contexto de suba de prezos. No actual contexto económico-financeiro, as entidades locais non terían capacidade de medios técnicos e recursos económicos para levar a cabo os investimentos previstos na norma.

Entre as obrigas dos concellos pódense sinalar as seguintes:

- Realizar auditorías cada 5 anos, como mínimo, do estado das súas instalacións.
- Os sistemas de saneamento e depuración que dean servizo a unha aglomeración de máis de 2.000 habitantes deberán dispoñer dun plan de control anual de vertidos ás redes de colectores, e levar a cabo as medidas para corrixilos.
- Os sistemas de depuración que dean servizo a unha poboación de máis de 2.000 habitantes deberán adaptar as súas instalacións, co fin de poder recibir e tratar axeitadamente os residuos procedentes de foxas sépticas domésticas situadas nos concellos que forman parte desas aglomeracións urbanas, ou en concellos limítrofes. As administracións públicas titulares das infraestruturas de depuración deberán executar as obras oportunas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- As aglomeracións urbanas de máis de 2.000 habitantes equivalentes de carácter supramunicipal deberán dispoñer de caudalímetros en todos aqueles puntos da rede de saneamento onde haxa un cambio de administración pública responsábel do servizo.

- As aglomeracións urbanas deberán dispoñer de caudalímetros na entrada de todas as instalacións de depuración que dean servizo a unha aglomeración de máis de 2.000 habitantes equivalentes.

-Medidas para mellorar a xestión das augas pluviais: os sistemas de saneamento e depuración que dean servizo a unha aglomeración de máis de 2.000 habitantes, deberán dispoñer dun plan de redución da entrada de augas brancas nas redes de saneamento. E polo tanto as conseguíntes actuacións para minimizalas.

-Medidas de ordenación dos sistemas de abastecemento. Os sistemas de abastecemento que subministren auga a unha poboación de máis de 20.000 habitantes deberán sectorializar as súas redes de distribución, dividíndoas en áreas e sectores hidrométricos diferentes que permitan a medición do consumo en cada un deles mediante a instalación de caudalímetros nos puntos de entrada e saída.

-Medidas para fomentar a eficiencia enerxética no ciclo integral da auga: as instalacións de saneamento e depuración que dean servizo a unha aglomeración urbana de máis de 20.000 habitantes ou as instalacións de tratamento de auga potábel a través das cales se subministre auga a unha poboación de máis de 20.000 habitantes, deberán dispoñer dun plan de eficiencia enerxética.

8º.- Prevé a creación de aglomeracións urbanas para a xestión dos sistemas de saneamento e depuración, cuestión que debería facerse a través dun plan sectorial (Lei de ordenación do territorio).





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último, o expediente carece dunha avaliación completa do impacto do cambio climático nas reservas de auga, e da repercusión da actual crise económica na capacidade económica, de xestión e de contratación por parte das entidades locais. Nun escenario como o actual de inestabilidade e de dificultades, que afectan a todos os sectores da economía, aos fogares e ás administración públicas, semella máis prudente avaliar as repercusións dunha norma do ciclo da auga e consensuar un modelo e un calendario acorde cos tempos e coa realidade galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/04/2022 13:48:13





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 08/04/2022 13:48:22



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga (doc. Núm. 32399), con expresa petición de devolución por non estar de acordo nin co fondo nin coas disposicións que recolle.

O Partido Popular goberna Galicia dende o ano 1981 e de maneira continuada dende o ano 2009, sen que durante todos estes anos elaborase unha planificación integral do ciclo da auga, o que supón unha ineficiencia na xestión dun recurso fundamental, derivando en moitas dificultades en todo o territorio galego.

A mediados de outubro de 2019, o Consello da Xunta iniciou a tramitación para aprobación dunha lei para a creación dunha sociedade pública autonómica para a xestión do ciclo da auga, como medio propio da Xunta de Galicia, en cuxo borrador se pretendía impor ás deputacións a adquisición de accións da devandita sociedade para a prestación do servizo, cuestión que vulneraba a autonomía local constitucionalmente recoñecida. Por esta circunstancia, o dito borrador non continuou a súa tramitación e entendemos que os informes xurídicos e consultivos da propia Xunta de Galicia apuntarían no mesmo sentido.

Ante esta situación a Xunta de Galicia presentou en 2020 un Anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga sen acordo, sen debate, sen diálogo, pretendendo impor un modelo no que se establece que os concellos, a Xunta e as deputacións deben achegar cada unha un terzo de todos os custos de implantación dos proxectos de mellora da xestión do ciclo integral da auga nos concellos de menos 20.000 habitantes e para os demais concellos en atención á dispoñibilidade orzamentaria, coa pretensión de obrigar a concellos e deputacións a financiar obras que son de clara competencia autonómica.

Non se contempla na lexislación básica de réxime local a competencia no financiamento xenérico de infraestruturas hidráulicas, o que suporía un custo adicional para as entidades locais como, por exemplo, froito das auditorías por parte dos titulares das infraestruturas en saneamento, depuración e abastecemento, adaptación de todas as instalacións de depuración para tratar residuos procedentes de fosas sépticas ou o mantemento de caudalímetros en captación, entre moitas outras.



Tampouco pode pretender o Goberno galego establecer unilateralmente como teñen que exercer tanto as deputacións como os concellos as competencias que a lei básica lles outorga. As comunidades autónomas poderán desenvolver os preceptos que teñan o carácter de básicos e, en materia tributaria, só poderán desenvolver as facultades que a propia Lei de facendas locais lles atribúe, de acordo a xurisprudencia constitucional máis que consolidada nesta materia.

Preténdese con esta lei imporlles ás entidades locais formas predeterminadas de colaboración económica nun modelo que non foi debatido, compartido nin acordado e que vai, polo tanto, en contra do principio de autonomía local e que se trata dun modelo uniforme para todos os concello de Galicia cando a realidade demostra que a situación deles é moi diversa.

Non podemos obviar que a fórmula escollida por parte da Xunta de Galicia a través deste proxecto de lei se trata máis dun convenio de adhesión polo que unha das partes impón ao resto a súa vontade, no canto dun acordo consensuado entre os diferentes órganos administrativos.

Analizando a normativa comparada do resto das comunidades autónomas non se atopan precedentes na imposición de modalidade de exercicio das competencias propias nin tampouco de fixación de financiamento obrigatorio ás deputacións e concellos no investimento de infraestruturas autonómicas ou municipais vencelladas ao ciclo integral da auga.

O Proxecto de lei obxecto de axuizamento caracterízase pola pouca claridade do desenvolvemento das novas figuras impositivas, polo que ao noso entender o intento de transformación nun modelo único dun servizo que ten diferentes formas de xestión en Galicia require un estudo moito máis polo miúdo.

Por outra banda, cabe salientar que a estimación de custos asociados á taxa establecida será moi considerable, toda vez que se incluírán as perdas das redes segundo o tamaño das entidades locais, posto que os rendementos do sistema tenden a baixar na medida na que diminúe o tamaño da entidade.

De acordo coa redacción deste proxecto de lei que se presenta non se pode delimitar claramente cal vai ser o incremento das taxas que as persoas usuarias e os concellos teñan que facer fronte respecto da situación actual, ao tempo que non se prevén deducións específicas para facer fronte á situación das familias máis vulnerables.



Finalmente, en canto aos principios de sustentabilidade ambiental e eficiencia enerxética non se contempla a aposta doutros modelos de tratamento consistentes en biodixestores anaeróbicos ou mediante humidais artificiais, sen custo enerxético, medidas ambientais para os alivios das estacións de bombeo ou das depuradoras de augas residuais.

En virtude de todo o exposto e das cuestión detalladas nesta emenda, considérase que o proxecto de lei remitido debe ser rexeitado e devolto á Xunta de Galicia para a súa reconsideración.

Pazo do Parlamento, 8 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/04/2022 17:51:10



Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A situación da Casa de Galicia en Montevideo chegou ao límite o día 31 de marzo de 2021, data na que deixou de existir oficialmente.

O Grupo Parlamentario Socialista rexistrou en datas moi recentes iniciativas parlamentarias encamiñadas a coñecer si o Goberno galego ía adoptar algún tipo de medida para acadar a continuidade da Casa de Galicia de Montevideo, si se coñecía o alcance da repercusión do peche da institución nos ámbitos sanitario, social e cultural para a cuarta comunidade galega do mundo e, por último, si se dera algún tipo de apoio á institución dende o ano 2009; esas iniciativas parlamentarias foron rexistradas o día 17 de marzo, hai quince días.

Convén lembrar que a Xunta de Galicia ten unha delegación na cidade de Montevideo que, fundamentalmente, ten catro liñas diferentes de actuación: a atención á cidadanía galega, o fomento da lingua e cultura de Galicia, o impulso ás relacións económicas entre Galicia e Uruguai e á cooperación ao desenvolvemento neste territorio.

Resulta complexo conxugar a situación actual da Casa de Galicia en Montevideo cunha acción de Goberno da Xunta de Galicia que dea minimamente cumprimento ás obrigadas derivadas da delegación que mantén na capital uruguaia e o compromiso coa comunidade galega alí residente.

O secretario de Emigración da Xunta de Galicia, expresando o día 21 de decembro de 2021 o seu desexo de que a Casa de Galicia continuase co seu funcionamento, manifestaba que “Por suposto que o Goberno de Galicia está moi atento á evolución da situación. É un tema que nos ocupa como non podía ser doutra maneira”, engadindo que “o interese que nós temos como toda a colectividade galega en Uruguai é que Casa de Galicia poida seguir sendo Casa de Galicia, que poida seguir atendendo á colectividade galega e ao resto de cidadáns de Montevideo”.



Parece que o interese amosado non foi suficiente para evitar a situación actual, á que debe engadirse a incerteza sobre o importantísimo patrimonio cultural existente.

Polo exposto, os deputados e deputada asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que xestións levou a cabo o Goberno galego para evitar o peche da Casa de Galicia de Montevideo?
- 2.^a) Ten coñecemento o Goberno da Xunta dos investidores privados interesados en adquirir a entidade centenaria?
- 3.^a) Que pensa facer a Xunta de Galicia para preservar a unidade do patrimonio cultural asociado á Casa de Galicia de Montevideo, entre eles 'A Santa' de Francisco Asorey e a biblioteca de 4.000 volumes?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2022

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/04/2022 09:17:40

Pablo Arangüena Fernández na data 01/04/2022 09:17:50

Paloma Castro Rey na data 01/04/2022 09:18:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As vellas e xustas reivindicacións de numerosos colectivos, entidades de todo tipo, asociacións empresariais, concellos da comarca da Barbanza e da Mancomunidade Arousa Norte, respecto da transferencia á Xunta de Galiza da estrada provincial EP-8001 que une a ponte de Catoira coa AP-9 en Caldas de Reis e a valoración da súa transformación nunha vía de alta capacidade que enlace a autovía da Barbanza coa AP-9, levan máis dunha ducia de anos sen ser atendidas pola administración autonómica.

Malia a que o propio goberno galego incluía o enlace no Plan Move 2009-15 e fixara especificamente a súa execución no ano 2017, ata o momento non houbo ningún avance no que recollía aquel Plan.

Mais non só figuraba nun documento. A propia Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación de Pontevedra subscribiran un acordo no ano 2010 de traspaso de varios viais, entre os que figuraba a EP-8001.

No entanto, xa no ano 2011, pouco despois da presentación do seu propio Plan, a Xunta de Galiza deixou de ter entre as súas prioridades esa estrada e posteriormente, despois de anos confundindo e enganando sobre o traspaso do vial á Xunta, a titular da



Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade descartouno publicamente “porque non hai solicitude formal por parte das administracións provinciais”. Unha aseveración que contrasta coas reiteradas declaracións das Deputacións da Coruña e de Pontevedra ao longo dos anos.

Pero máis alá da súa titularidade ou do inicio ou non do procedemento para a súa transferencia á Xunta de Galiza, a EP-8001, constitúe a saída natural dende a comarca da Barbanza cara a provincia de Pontevedra e Portugal, soporta un elevadísimo tráfico diario, gran parte del pesado, une non só dous concellos e dúas comarcas entre si senón que é tamén o eixo vertebrador entre dúas provincias e, ademais, leva anos sendo escenario de numerosos accidentes, nalgúns casos con resultados mortais.

Non só é lóxico, pois, senón que tamén é necesario que ese vial sexa de titularidade e de xestión autonómica e que o acordo entre as tres administracións chegue canto antes, como primeiro paso cara a unha mellora da conexión entre o sur da provincia da Coruña e a provincia de Pontevedra e Portugal, a través da posibilidade de unión entre a AG-11 e a AP-9.

Os pronunciamentos, as demandas e os acordos de moitos dos concellos situados a ambas as dúas marxes do río Ulla teñen sido numerosos durante, cando menos, os últimos dez anos. E é moita hora de que o goberno galego os comece a ter en conta e a incluílos na súa programación viaria de cara o futuro.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o goberno galego da conexión viaria entre o sur da provincia da Coruña e a provincia de Pontevedra?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que razóns levaron á Xunta de Galiza a desbotar a posibilidade de mellora e transformación desa estrada, despois de tela incluído no Plan Move 2009-15?

. Considera que a EP-8001 conta coas características para converterse nunha estrada de titularidade autonómica?

. Considera que é necesaria a mellora desa estrada e a posterior conversión nunha vía de alta capacidade? De non ser así, cales son os argumentos que avalan esa consideración?

. Está disposta a iniciar, ou retomar se é o caso, as accións necesarias para asumir a titularidade, hoxe provincial, da EP-8001? De ser así, en que horizonte temporal?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/04/2022 10:21:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2022 10:21:12

Rosana Pérez Fernández na data 01/04/2022 10:21:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recursos sanitarios existentes na comarca da Barbanza non permiten a atención de patoloxías graves nin, en moitos casos, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado nin ter UCI o Hospital da Barbanza.

Na atención das patoloxías de gravidade, o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendíbel que esta comarca, cunha importante actividade económica con potencial risco, como é o traballo no mar e unha importante actividade industrial, non teña un hospital con UCI e non conte con ningunha ambulancia de soporte vital avanzado, é dicir, dotada cun equipo humano especializado, con persoal facultativo e de enfermería e coa dotación de equipos necesarios para atender emerxencias de gravidade.

Foron estes, entre outros, os motivos que no ano 2019 levaron a máis de 4.500 persoas e a diversos colectivos e entidades da comarca a asinar unha petición para conseguir que o hospital comarcal conte cunha ambulancia medicalizada do 061.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sobran as razóns que xustifican a necesidade dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca da Barbanza e por iso o BNG, que considera imprescindible esta dotación para non seguir a poñer en risco a saúde e a vida dos veciños e veciñas da zona, vén demandándoa mediante emendas presentadas aos orzamentos da Xunta nos últimos anos, ou solicitando a súa inclusión nos concursos para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre realizados por parte da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galiza-061, dependente do SERGAS, demandas que ata o de agora non foron tidas en consideración.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos recursos sanitarios da comarca da Barbanza para atender as patoloxías e os casos máis graves?

. Que valoración fai da inexistencia de UCI no hospital comarcal e de ambulancia de soporte vital avanzado?

. Considera que as características -poboacionais, socio-laborais e sanitarias, entre outras- da comarca son as necesarias para poder contar cunha ambulancia de soporte vital avanzado? De ser así, por que razón non se ten incluído nos concursos para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre do 061? De non ser así, cales son as características ou requisitos que sería imprescindible cumprir, segundo a Consellaría de Sanidade, para poder contar con esa dotación?

. Que valoración fai da mobilización social que xa no ano 2019 levou a un importante número de veciños e veciñas e de entidades da comarca a solicitar unha ambulancia de soporte vital avanzado?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a Xunta de Galiza a ter en conta esta demanda nos vindeiros orzamentos para o 2023? De non ser así, por que razón?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 01/04/2022 11:15:04

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2022 11:15:07

Rosana Pérez Fernández na data 01/04/2022 11:15:16



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A atención primaria e a súa xestión son motivo de debate e preocupación por parte de profesionais sanitarios e cidadanía en xeral dende hai bastante tempo. A falta dunha política comprometida de recursos humanos, e unha tendencia xeral ao constreñimento das políticas de investimento en persoal de atención primaria por parte da Xunta de Galicia veñen resultando nunha perda de capacidade asistencial dos centros de saúde froito da saturación e desorganización que se promove dende os órganos de dirección.

No caso de pediatría, especialmente, a nula vontade de promover o exercicio da pediatría no ámbito da primaria, a renuncia ao aumento de prazas formativas durante a década 2009-2019 e a política laboral errática e precarizadora fomentaron as dificultades para constituír unha base sólida de profesionais que permitan afrontar o deseño do plano asistencial con solvencia.

O caso do Concello de Monterroso, cuxo servizo de pediatría ofrecería atención tamén a persoas usuarias de Portomarín, Antas de Ulla e Taboada, está sendo exemplo desta política caótica en atención primaria e, especialmente, en termos de atención pediátrica. O servizo está directamente cancelado, como foi feito público, e as citas para atención estanse dando con demoras de un mes, o que en termos de calidade da atención primaria é inadmisíble.

O problema non só está sendo obxecto de preocupación de pais e nais, que xa é o lóxico, senón que tamén provocou a unanimidade dos plenos municipais de Portomarín e Antas de Ulla ao respecto, demandando do goberno da Xunta de Galicia unha mellora da xestión sanitaria que permita dotar a esta comarca do servizo de pediatría. Os plenos municipais de Monterroso e Taboada tamén debaterán sobre o asunto nas próximas datas, podendo incrementar o clamor social ante a situación.



Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia da falta de pediatra para esta comarca e as consecuencias na calidade asistencial que isto provoca?
2. Considera o goberno da Xunta de Galicia que as citas que se están programando cun mes de demora representan un servizo de calidade en atención pediátrica en primaria?
3. Cando ten previsto o goberno da Xunta de Galicia repoñer o servizo de pediatría no centro de saúde de Monterroso, con servizo aos concellos afectados da contorna, de maneira completa e continuada?

Pazo do Parlamento, 1 de abril do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Marina Ortega Otero
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/04/2022 12:26:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/04/2022 12:26:27

Patricia Otero Rodríguez na data 01/04/2022 12:26:38

Marina Ortega Otero na data 01/04/2022 12:26:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a contratación de persoal temporal ou interino a tempo parcial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre outros factores a limitada eficacia das medidas existentes para a conciliación da vida persoal e laboral está a provocar que moitas traballadoras da Xunta de Galiza se vexan na necesidade de solicitar unha redución de xornada (e tamén de haberes) o que, asemade, implica que a administración deba recorrer á contratación temporal e a tempo parcial de persoal, debendo acudir para a súa selección ás listas de contratación reguladas no Decreto 37/2006, de 2 de marzo.

Actualmente a Xunta de Galiza está a obrigar ás traballadoras inscritas nas listas para a contratación temporal a aceptar un posto de traballo de apenas 2 ou 3 horas baixo a ameaza de exclusión das listas de contratación por un prazo de 6 meses. A realidade é que Xunta de Galiza está a formalizar anualmente numerosas contratacións temporais cunha duración da xornada igual ou mesmo inferior a metade da ordinaria, percibindo unha retribución que non cobre os custes do desprazamento ao centro de traballo ou calquera outro que as súas circunstancias persoais lle impoñan.

A inxustiza da situación e o importante número de persoas atinxidas provocou que a propia Xunta de Galiza introducise a posibilidade de que o persoal laboral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transcorridos 6 meses poda renunciar ao posto de traballo temporal de duración igual ou inferior ao 70% da xornada ordinaria. Esta previsión é un recoñecemento explícito do inxusto dunha situación que provoca que unha persoa estea traballando e non só non gañe diñeiro, senón que o perda.

Este problema, xa denunciado ante a Valedora do Pobo quen non considerou “adeuada” a xustificación realizada pola Xunta de Galiza, podería ser coxunturalmente solucionado introducindo a posibilidade de renuncia a contratos de traballo temporais de duración igual ou inferior a metade da xornada ordinaria, ou mediante a apertura, en determinadas categorías e grupos profesionais, de listas de contratación a tempo parcial, compatíbeis coas que o son para contratacións a tempo completo.

A realidade é que os criterios que ven aplicando a Xunta de Galiza na selección de persoal por medio das listas de contratación temporal, así como na interpretación da lei de incompatibilidades, está a provocar efectos negativos nas traballadoras que ocupan postos de traballo peor retribuídos xa que acudir ao seu posto de traballo non lles xera ingresos senón que as veces prexudícaa economicamente.

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cal é o número de contratacións temporais a tempo parcial realizadas anualmente pola Xunta de Galiza en cada un dos últimos cinco exercicios?

-Considera a Xunta de Galiza economicamente asumible para unha persoa traballadora ocupar un posto de traballo de duración a tempo parcial cunha xornada igual ou inferior a metade da ordinaria cando por exemplo implica un desprazamento de máis de 100 km?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Entende a Xunta de Galiza incompatíbel o desempeño a tempo parcial dun posto de traballo de atención directa en residencias públicas e privadas?

-Penalizou a Xunta de Galiza a algunha traballadora por non aceptar un chamamento para a formalización dun contrato de traballo de duración determinada por necesidade de atender a un familiar ou por estar en situación de baixa por enfermidade?

-Esta garantido o dereito de contradición con carácter previo a exclusión temporal nas listas de contratación?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2022 10:21:08

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2022 10:21:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 04/04/2022 10:21:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/04/2022 10:21:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do castro da Trindade, a Furada dos Cas e mailo castro de Flores en relación co Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os lindes do lugar de Arroxo, parroquia de Lourenzá, concello de Lourenzá (Lugo) e os lindes da parroquia de Vilamor, concello de Mondoñedo (Lugo), atópanse os montes coñecidos como a Louseira e Trindade. Nesta zona, na que varias canteiras extraen cuarcitas e calizas, existen 3 xacementos arqueolóxicos (o castro da Trindade, a Furada dos Cas e o castro de Flores), que poderían verse afectados polos labores mineiros actuais e polas posibles ampliacións das referidas canteiras.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. O ben patrimonial denominado oficialmente como GA27030022 Trindade, Monte da Trindade, Castro da Trindade, ubicado na parroquia de Vilamor, concello de Mondoñedo (Lugo), está actualmente incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. O ben patrimonial denominado oficialmente como GA27030008 Cova de Furada dos Cas, ubicado na parroquia de Vilamor, concello de Mondoñedo (Lugo), está actualmente incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza?

. O ben patrimonial denominado oficialmente como GA27027012 Castro de Flores, ubicado na lugar de Arroxo parroquia de Lourenzá, concello de Lourenzá (Lugo), está actualmente incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2022 12:03:59

Daniel Castro García na data 04/04/2022 12:04:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o grao de coñecemento e protección da Xunta de Galiza da cova do Monte da Trinidad en Mondoñedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2011 e 2012 a Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo abriu dous expedientes sancionadores (IN635C 2011/13-2 e IN635C 2012/62-2) contra os responsables dunha canteira situada no lugar de O Monte da Trinidad, concello de Mondoñedo (Lugo).

Estes expedientes sancionadores viñan motivados por realizar labores mineiros fóra do perímetro autorizado pola Consellería de Economía.

Nesta zona próxima á canteira atópase unha cavidade natural, cuxa entrada se pode ver incluso nas distintas secuencias de imaxes aéreas (ortofotos PNOA, anos 2014, 2017, 2020; e ortofotos Google Earth, anos 2014, 2015, 2016). Esta entrada á cova localízase na parcela con referencia catastral 27030A00803184, situada fóra do perímetro autorizado pola Consellería de Economía para realizar labores mineiros. Malia non contar con autorización, semella que os labores relacionados coa actividade mineira probablemente seguiron realizándose, tal e como se pode observar nas imaxes anteriormente citadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo documentación da Consellería de Economía e da Consellería de Cultura, desde o ano 2014 (ano no que xa se pode ver claramente nas fotos aéreas a entrada da cova) realizáronse varias inspeccións nesta zona do Monte da Trindade. Mesmo no ano 2019 leváronse a cabo dúas catas arqueolóxicas a tan só 30 metros da entrada da cova.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Informou a Xunta de Galiza da existencia da cavidade natural do Monte da Trindade?

. En que data tivo coñecemento a Xunta de Galiza da existencia desta cavidade natural?

. Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para salvagardar este posible patrimonio natural, seriamente ameazado na actualidade por mor dos labores mineiros?

. Vai a Xunta de Galiza garantir a protección e conservación desta cavidade en tanto non se realicen os estudos pertinentes e se avalíe o seu valor natural?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2022 12:20:08

Daniel Castro García na data 04/04/2022 12:20:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a falta de cobertura da zona especial de urxencias sanitarias da Veiga – O Bolo e as medidas precisas para solucionala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas teñen cobrado actualidade os problemas xa cronificados de falta de correcta asistencia sanitaria da zona especial de urxencias da Veiga e O Bolo. Esta situación, que até no último mes algunhas voces relacionaron coa morte dunha paciente no concello da Veiga, vén sendo explicitada pola CIG-Saúde en múltiples ocasións e con profusión principalmente desde o ano 2017.

A central sindical ten dirixido distintos escritos tanto á Xerencia de Área de Ourense, Verín e O Barco, como á Dirección Médica de Atención Primaria como á Dirección de Enfermería en escritos e reclamacións presentados en 2017, 2018, 2019, 2021 e 2022. Trátase, polo tanto, dunha cuestión perfectamente coñecida que se agudizou até límites inasumíbeis nos últimos tempos.

No BNG temos explicitado moitas veces o risco que supón asumir por parte dun PAC cun único facultativo (como por exemplo o de Viana do Bolo) un concello como A Veiga que ten unha superficie enorme (290 km²) e cunha densidade de poboación de só 3,05 habitantes/km².





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, cando o PAC de Viana se ten que facer cargo da Veiga, atopámonos nunha situación na que un só médico, que xa en condicións normais ten que dar cobertura a un territorio inmenso, ten que atender a un total de 762 km² de territorio de montaña e cunha dispersión poboacional moi grande. Isto é a todas luces inasumíbel e amosa, sobre todo, unha mala organización por parte da dirección do SERGAS que xa foi comunicada máis dunha vez.

Neste mes de abril que vimos de comezar atopamos unha situación extrema na que durante 15 días (polo tanto medio mes) os concellos da Veiga e O Bolo van estar de tarde e de noite sen dotación médica e terán que ser atendidos polos PACs de Viana do Bolo (A Veiga) e do Barco de Valdeorras (O Bolo). Será así nos días 1, 2, 3, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 12, 14, 19, 21, 26 e 28 de abril; engadindo que en dúas desas xornadas, que son domingo (os días 3 e 10 de abril), esa cobertura terá que ser de todo o día.

No que ten a ver co PAC do Barco de Valdeorras cada vez que acontece esta situación e se ten que facer cargo do territorio e da poboación do Bolo ve tamén aminorada a súa capacidade para atender á xente que leva o propio Punto de Atención Continuada no Barco, que ten unha poboación moi grande.

Esta situación está a causar un grave prexuízo nos dereitos sanitarios da cidadanía do distrito sanitario de Valdeorras e especialmente nos residentes dentro da zona especial de urxencias sanitarias da Veiga-O Bolo polo que é urxente tomar medidas que busquen solucións estruturais que solventen este grave deterioro da atención sanitaria.

Esta cuestión é a última pinga dentro dunha problemática moi xeralizada nun deterioro planificado absolutamente na atención sanitaria do rural galego en xeral e no distrito sanitario de Valdeorras en particular. A Xunta de Galiza leva anos priorizando





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha visión economicista da atención sanitaria en lugar de tratala como o que é: un dereito fundamental da cidadanía.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Estiman que a zona especial de urxencias O Bolo-A Veiga conta cunha atención médica axeitada ás súas necesidades?

. Teñen menos dereitos sanitarios os habitantes deses dous concellos que os residentes, por exemplo, en Santiago de Compostela?

. Que valoración fan do feito de que durante 15 días do mes de abril (como mínimo en horario de mañá e tarde) a atención sanitaria deses dous concellos teña que ser cuberta polos PACs do Barco de Valdeorras e de Viana do Bolo?

. Un PAC cun único facultativo pode atender correctamente a un territorio de 762 km²?

. Que accións está a desenvolver a xerencia da EOXI de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras para evitar que este mes de abril a poboación do Bolo e A Veiga non estea atendida en precario?

. Que medidas de fondo a medio e longo prazo van implantar para resolver este problema estrutural?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María González Albert

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 04/04/2022 13:25:31

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2022 13:25:34

María González Albert na data 04/04/2022 13:25:41



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A Lei do Xogo de Galicia foi impulsada en 1985, quedando evidentemente retrasada con respecto á realidade actual polo absoluto cambio social producido, a influencia das novas tecnoloxías e os novos formatos de xogo e apostas que creceron de maneira enorme en tantos anos.

A non actualización desta normativa está provocando a situación de lei da selva en Galicia para as empresas de xogo e apostas, que creceron na súa expansión nos últimos anos con medio centenar de locais físicos novos no territorio e coa proliferación de sistemas novos de xogos que se presentan en contextos como a hostalería.

Este avance tamén provocou unha maior prevalencia de conductas aditivas entre as persoas, que viron aumentadas nos últimos tempos como apuntan os colectivos e estudos realizados no entorno das asociacións de ex-xogadores e os datos de enquisas sobre xogo feitas por institucións académicas. Este problema, que vén aumentando, supón unha situación moi grave para as persoas que o sofren e aos seus achegados e familias. Estes problemas teñen a súa base nunha adicción creada, que debe ser un problema afrontado como o que é, un problema conductual e, por tanto, problema de saúde.

Non en tanto, as adicións ao xogo e apostas non teñen espazo recoñecido na planificación da Consellería de Sanidade, o que impide que as persoas afectadas e que traballan para recuperarse sexan tratadas como pacientes do sistema sanitario público. En termos de recursos este escenario deixa abandonadas a estas persoas, obrigando a facer un gran esforzo en termos de recursos e dependendo do terceiro sector que, de por si, tampouco ten unha especial colaboración por parte dos organismos públicos que dirixen o sistema público de saúde de Galicia.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Por que a Xunta de Galicia non considera ás persoas con trastornos aditivos provocados polo xogo e as apostas como pacientes que puideran ser tratadas dentro do sistema público de saúde de Galicia?

Pazo do Parlamento, 4 de abril do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 04/04/2022 16:46:48

Marina Ortega Otero na data 04/04/2022 16:46:54



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Dende os distintos sindicatos e a Confederación de Anpas galegas viñan semanas denunciando a problemática e serias carencias derivadas da decisión da Xunta de Galicia de non cubrir as baixas do profesorado dende o pasado mes de decembro de 2021 tal e como se viña facendo ata ese momento.

A pesar de que a situación sanitaria mellorou, cómpre lembrar que as infeccións e polo tanto as baixas por Coronavirus seguen a se producir, razón entre outras pola que non se entende que a Consellería de Educación teña aplicado a volta ao modelo previo a crise provocada pola pandemia. Segundo denuncian os distintos sindicatos e os centros de ensino a Consellería borra por sistema e non cubre as baixas que se comunican cando a duración é menor a dez días. Por se fora pouco, tamén se reduciu a dous únicos días os chamamentos para cubrir baixas, mentres antes tiñan lugar a diario, agora só se efectúan os martes e os venres, polo que en moitas ocasións cando se debería de producir o chamamento xa correron varias xornadas dende que os centros reclamaron a substitución.

Esta situación está a derivar nunha baixada inaceptable na calidade do ensino que recibe o alumnado galego afectado polas baixas do profesorado. As e os docentes obrigados a cubrir eses ocos por días ou horas soltas non coñecen canto tempo deberán atender esa materia o que imposibilita facer unha planificación axeitada e está polo tanto a derivar en atrasos e deficiencias tanto no plano académico como na atención en canto a necesidades especiais e específicas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que beneficios para o alumnado e o profesorado considera a Xunta de Galicia ten esta práctica de non cubrir as baixas do persoal docente inferiores a dez días?
2. Considera que se está a dar unha educación de calidade ao alumnado que se ve afectado por esta práctica?



3. Pensan que os centros e o profesorado poden facer algún tipo de planificación minimamente decente con este sistema?
4. Por que reducen a só dous días mínimos os chamamentos?

Pazo do Parlamento, 4 de abril do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/04/2022 16:52:04

Noa Susana Díaz Varela na data 04/04/2022 16:52:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos dos anos 1900 instalábase na Ponte Nova, á beira do río Mendo, a primeira edificación destinada á xeración de enerxía eléctrica en Betanzos. O edificio foi proxectado polos arquitectos López Cortón e González Villar e nos seus comezos albergaba oficinas, almacéns e, mesmo, un embarcadoiro.

Na actualidade, este ben está composto de catro edificacións independentes asentadas sobre a mesma parcela: a fábrica de electricidade propiamente dita, o serradoiro, un pequeno edificio e un depósito que se atopan nun estado de conservación certamente lamentábel e que pertencen á empresa eléctrica Naturgy.

Ao longo das décadas, o grupo municipal do BNG de Betanzos veu presentando diferentes iniciativas plenarias que tiñan un único obxectivo: recoñecer a singularidade do edificio, conservar a totalidade de elementos que o conforman e promover a súa rehabilitación para a súa posta en servizo á veciñanza. Estas iniciativas, culminaron coa catalogación do edificio como Ben de Interese Cultural en decembro de 2018.

Ante a situación de risco de perda deste importante patrimonio industrial, xa naquela altura a Xunta demandaba medidas urxentes para evitar o progresivo e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

preocupante deterioro, indicando como prioridades a consolidación da cuberta e dos peches para deseguido elaborar un proxecto integral de conservación:

O estado de abandono e a falta de mantemento das construcións provocaron a súa deterioración, así, parte da cuberta da nave da fábrica de electricidade está derrubada, o beiril oeste está apuntalado, desprendeuse parte do recubrimento do cerramento de barroitiño, as carpintarías requiren un mantemento severo, hai fendas nos muros de peche, etc.

Ante o estado deficiente de conservación descrito, hai un risco evidente de que o ben continúe degradándose, especialmente a cuberta da nave da fábrica de electricidade.

Porén, transcorridos xa catro anos, esta catalogación de protección BIC non puxo fin á decadencia do monumento cuxo abandono non deixou de medrar. A empresa continúa sen levar a cabo as medidas necesarias para a recuperación e está a levar a cabo unhas obras que poñen en serio perigo a estabilidade do inmóbel, ante a pasividade das autoridades locais.

No grupo municipal do BNG de Betanzos xa teñen solicitado en diferentes ocasións que se actuase con toda a cautela que fose precisa nestas obras, mais unha vez máis estas iniciativas foron ignoradas e a Fábrica da Luz continúa en serio risco de colapso.

É por iso que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego recentemente someteu a debate e aprobación polo Pleno do Concello de Betanzos unha nova moción propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Instar a Naturgy, propietaria do edificio da Fábrica da Luz e responsábel das obras que se están a realizar na actualidade, a que finalice os traballos con toda a cautela que for posíbel e a que garanta a estabilidade da construción.

2. Instar ao Concello de Betanzos a tomar de inmediato as medidas necesarias para dar cumprimento aos múltiples acordos plenarios en relación coa conservación e posta en valor da Fábrica da Luz, actualmente en grave risco de desaparición.

3. Instar a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza a tomar medidas de inmediato para apoiar ao concello e garantir a conservación da Fábrica da Luz e a súa posta en valor.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que medidas ten activado a Xunta ante o agravamento do mal estado de conservación e severo risco de perda da Fábrica da Luz de Betanzos, incluída no Catálogo do patrimonio cultural de Galiza en 2017?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/04/2022 17:33:44

Daniel Castro García na data 04/04/2022 17:33:47

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2022 17:33:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de febreiro de 2022 o grupo parlamentario do BNG acadaba un acordo unánime nesta cámara para garantir as compensacións económicas ás mariscadoras da Ría do Burgo dende o inicio das obras de dragaxe, a través dun convenio co Estado.

Un acordo unánime que daba resposta ás reiteradas demandas dos mariscadores e mariscadoras, que ficaban desprotexidos ao se veren privados de acudir aos seus postos de traballo durante os máis de dous anos que a Ría do Burgo permanecerá inactiva por causa das obras de dragaxe e rexeneración.

O 3 de febreiro, na Delegación do Goberno da Coruña, concreouse ese acordo en termos económicos para os mariscadores a pé e a flote entre os gobernos da Xunta e do Estado e mais a propia Confraría de Pescadores da Coruña.

Deseguido, no mesmo mes de febreiro a Consellería do Mar paralizou os plans de explotación de marisqueo e o 3 de marzo os mariscadores comezaron a traballar nos labores previos ás obras de dragaxe.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Consellería do Mar dispón desde o pasado mes de marzo dos datos da cuantificación económica achegados pola Confraría de Pescadores da Coruña, co compromiso de llos remitir ao goberno do Estado.

No entanto, a día de hoxe, a Confraría aínda non ten recibido ningunha resposta a esta comunicación e os mariscadores da Ría do Burgo xa levan varios meses sen cobrar ningunha compensación económica, tal e como foi aprobado no seu día.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Por que o goberno galego non ten respondido á comunicación da Confraría de Pescadores da Coruña que fixa o importe das compensacións económicas aos mariscadores?

. Que xestións está a facer o goberno da Xunta ante o goberno do Estado para apremiar o cobro das compensacións económicas os mariscadores da Ría do Burgo?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/04/2022 09:27:46

Rosana Pérez Fernández na data 05/04/2022 09:27:54



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A principios desta lexislatura constituíuse unha vez máis a Comisión das Caixas de Aforro Galegas, como en lexislaturas anteriores, mais a pesares de que nos acercamos ao ecuador desta lexislatura aínda esa comisión non se reuniu nin se puxo a traballar. Constituír a comisión e paralizala parece a estratexia do grupo parlamentario maioritario durante anos para non permitir aportar luz sobre as causas da fusión, o custe que implicou, o informe de KPMG e as responsabilidades políticas que implica o auto da Audiencia Nacional.

Desde que en setembro de 2010 se formalizara a fusión das caixas de aforro de Galicia, Caixa Nova e Caixa Galicia, alumeando unha nova entidade, Novacaixagalicia, que foi rescatada polo FROB para logo dar lugar a Novagalicia Banco S.A., que finalmente sería vendido dende o ámbito do público a mans privadas por un importe de 1.000 millóns de euros, mudou o sistema financeiro galego. Na páxina máis negra da nosa historia financeira, desapareceron as caixas e fíxose cun custe de 9.000 millóns de euros para o público (executado polo FROB) e a perda estimada de 3.700 empregos directos. O goberno da Xunta, co presidente Feijóo á cabeza, apadriñou aquela operación de fusión e desaparición das caixas.

A xustificación da fusión das caixas galegas amparábase, segundo manifestaba daquela o propio presidente da Xunta de Galicia e a súa conselleira de Facenda, nun informe de KPMG. Un informe nunca exhibido a pesares de ser reclamado insistentemente por este grupo parlamentario.

A realidade é que este informe de KPMG, que tivo un custe de 1 millón de euros, non avalaba a fusión de Caixa Galicia e Caixanova, segundo manifestou o Sr. Francesc Gibert na Comisión do Congreso dos Deputados, senón que se trataba dun informe acelerado, feito no prazo dun mes; un informe de trazo groso, sen realizar auditoría algunha e que en ningún caso analizaba escenarios de fusión ou integración das caixas galegas. Mentres o goberno da Xunta forzaba aquela



fusión, milleiros de cidadáns e cidadás opoñíanse nas rúas á mesma. O Parlamento merece unha explicación do que aconteceu e de por que Galicia quedou sen ningunha caixa de aforros pese ao enorme custe de fondos públicos.

A maiores, o pasado 1 de outubro de 2020, a Sala do Penal da Audiencia Nacional ditou un Auto Xudicial (Procedemento Abreviado 9/2019), no que destacaba que a situación económica na que se atopaba Caixa Galicia antes da fusión con

Caixanova foi a que propiciou o rescate da entidade resultante. O Auto Xudicial incidía de xeito expreso: "Caixanova nunca habría sido intervenida si no se hubiera visto obligada a fusionarse con Caixa Galicia". A Comisión parlamentaria debe poder abordar tamén as implicacións deste auto despois de que o goberno galego evitase calquera análise ou responsabilidade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito:

Como valora o Goberno galego que a Comisión das Caixas estea inoperativa para explicar a fusión das extintas caixas galegas, a posición da Xunta nese proceso e a falla de asunción de responsabilidades tras o auto da Audiencia?

Pazo do Parlamento, 4 de abril do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/04/2022 11:55:32

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/04/2022 11:55:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do alumnado refuxiado da guerra da Ucraína nos centros de ensino galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai días, varios centros de ensino do noso país están a recibir alumnado refuxiado da guerra de Ucraína. Unha guerra que está a provocar milleiros de mortes no conflito e millóns de refuxiados por toda Europa.

Son varios os centros de ensino do noso país, así como representantes da comunidade educativa, que están a denunciar a situación na que se atopan estes alumnos e alumnas acollidos polo noso sistema educativo.

Tal e como se está a denunciar dende varios centros educativos, a acollida nos centros de ensino galegos do alumnado ucráino refuxiado ten lugar sen ningún tipo de medida complementaria para atender unhas necesidades psicolóxicas, educativas e sociais que se evidencia cada día con máis intensidade.

Alumnado que non coñece o idioma, que amosa en moitos casos as consecuencias psicolóxicas da guerra, que precisan de actuacións específicas e persoal especializado para a súa integración nas dinámicas educativas... chegan aos centros educativos sen estes dispoñer de ningún tipo de recurso e/ou persoal de apoio para atender a súas necesidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que este alumnado non pode ser esquecido por unha Consellaría de Educación que non achega nin unha soa medida para axudalos a minimizar o impacto dunha situación humanitaria e académica que esixe dos maiores esforzos.

Por todos isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Xunta de Galiza dotar os centros de ensino galegos de persoal tradutor, psicólogos, educadores e calquera outro especialista necesario para atender as necesidades do alumnado ucráino refuxiado no noso país?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/04/2022 12:10:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 05/04/2022 12:10:24

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/04/2022 12:10:32



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Patricia Otero Rodríguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A rebaixa das peaxes da AP-9 en 2021 por parte do Goberno de España supuxo un importante aforro para os galegos e as galegas que circulan por esa autoestrada, que levaban anos soportando a autopista máis cara de España para conectar áreas de potente dinámica industrial e económica na nosa comunidade. En concreto, a AP-9 verteбра as cinco cidades galegas do eixo atlántico, os tres aeroportos o os principais portos de Galicia entre Ferrol e Tui.

Cómpre recordar que foi o goberno de José María Aznar -coincidindo co PP na Xunta de Galicia- o que decidiu prorrogar a concesión da AP-9 ata o 2048. Esta medida evitou que a AP-9 estea o ano que vén, como outras da mesma época, no eido público e, polo tanto, coa posibilidade real de quedar libre de peaxes.

Neste escenario dun aumento da concesión tan lesivo para os intereses dos galegos e das galegas, na medida en que afecta á súa mobilidade e ao desenvolvemento económico da comunidade, o goberno presidido por Pedro Sánchez negociou con Audasa unha rebaixa destas peaxes á que se destinan, aproximadamente, 60 millóns de euros procedentes dos Orzamentos Xerais do Estado.

En virtude dese acordo coa concesionaria, o 29 de xullo de 2021 entraron en vigor importantes cambios como a gratuidade das viaxes de volta nas 24 horas seguintes á ida, a redución dun 20 % das tarifas para as persoas que usan habitualmente a AP-9 e a supresión da peaxe entre Vigo e Redondela. E dende



ese día ata finais de ano, segundo os datos do Balance 2021 de bonificacións da AP-9, os usuarios e as usuarias da AP-9 aforraron 17,9 millóns de euros nos seus custes de desprazamento.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia desta rebaixa das peaxes da AP-9?
2. Que efectos económicos implicou a redución de peaxes debido ao aforro de custes acadado pola cidadanía, a actividade produtiva e as administracións públicas galegas?
3. Ten o Goberno galego unha partida prevista para camiñar cara o levantamento das peaxes das autoestradas galegas?
4. Cal é a estimación do aforro que conseguiu a Xunta de Galicia pola rebaixa de peaxes da AP-9 ao ter menos custes na circulación de vehículos da Xunta ou en viaxes financiados pola Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Patricia Otero Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/04/2022 12:50:45

Patricia Otero Rodríguez na data 05/04/2022 12:50:53

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/04/2022 12:51:04



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Concello de Vigo renovará e modernizará as instalacións de atletismo de Balaídos cun cambio integral que suporá un investimento de máis de 7,67 millóns de euros.

A obra suporá un cambio integral das instalacións, integrando un módulo cuberto, así como vestiarios, almacéns, zonas técnicas de competición e unha grada cuberta. Tamén se instalará unha nova torre de cronometraxe e unha nova iluminación. Ademais, renovarase o pavimento da pista e humanizarase a zona e o peche das instalacións.

Estas instalacións deportivas non só son utilizadas por deportistas vigueses, senón tamén de moitos outros lugares da provincia, para o que se entende que son instalacións supramunicipais e, por iso, o Goberno galego debería colaborar na súa reparación.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Xunta de Galicia a través das emendas aos Orzamentos Autonómicos de 2022 a demanda á que nos acabamos de referir, sendo rexeitada esta emenda polo Goberno Autonómico, o que pon de manifesto o mínimo interese por parte do Executivo autonómico en colaborar no financiamento da reparación da pistas de atletismo de Balaídos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai colaborar a Xunta de Galicia no financiamento da renovación e modernización das pista de atletismo de Balaídos ubicada na cidade de Vigo ó longo do ano?

Pazo do Parlamento, 4 de abril do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández



Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 05/04/2022 13:40:26

Noelia Otero Lago na data 05/04/2022 13:40:33

Julio Torrado Quintela na data 05/04/2022 13:40:39

Paloma Castro Rey na data 05/04/2022 13:40:47

Pablo Arangüena Fernández na data 05/04/2022 13:40:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre os problemas de conexión cos equipos informáticos do programa Educa en Dixital.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño do pasado ano, a Xunta e o Goberno do estado anunciaban a posta en marcha do programa Educa en Dixital Galicia. Unha iniciativa na que o Ministerio de Educación e a Consellaría de Educación se comprometían a dotar a alumnado vulnerábel do noso país con 4500 equipos informáticos con acceso a internet.

Esta iniciativa que se asinou a través dun convenio no que o goberno do estado aportaba o 80% do financiamento e o goberno da Xunta o 20%, efectivizouse a través de equipamentos achegados por Red.es.

Mais alén doutros problemas con este programa, a día de hoxe son varios os centros que están a denunciar que os equipos distribuídos ao abeiro deste programa estaban a quedar sen conexión sen que por parte da Consellaría de Educación se aportase ningún tipo de solución para estas familias.

Esta circunstancia fai que a día de hoxe o alumnado non poida facer uso destes equipamentos e a única resposta que se está a dar por parte da Consellaría é que estes equipos llicitáronse cunha conectividade de tan só 6 meses (nin sequera un curso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enteiro) e que se a alumnado quere seguir facendo uso dos mesmos terá que custearse a conexión.

Dende o BNG entendemos que non é admisíbel deixar o alumnado sen posibilidade de conexión nos equipos de Educa en Dixital tan só 6 meses despois do anuncio na prensa.

Por todos isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Consellaría de Educación adoptar as medidas necesarias para garantir que a alumnado vulnerábel que participa do programa Educa en Dixital poida acceder aos equipamentos con conexión anunciados no Portal da Consellaría no inicio do curso 21/22?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 05/04/2022 13:50:15

Daniel Castro García na data 05/04/2022 13:50:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/04/2022 13:50:26



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, María Leticia Gallego Sanromán e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A situación que está vivir a poboación de Tomiño pola praga de insectos chegou ata o punto de que no mes de xullo do ano pasado, os insecticidas esgotáronse en todos os supermercados da comarca. Moitos veciños víronse obrigados a fumigar os exteriores das súas vivendas, pero os máis prexudicados foron os locais de hostalería do municipio, moi concretamente os das parroquias de Figueiró e Carregal, con algunhas casas de turismo rural viron reducidas as súas estancias por este motivo.

Este ano a cousa non semella que mellore, xa que a existencia destes insectos, posibles transmisores de enfermidades xa comezaron a deixarse notar, desprázanse nun considerable número por todo o seu territorio, o que produce unha gran preocupación entre a cidadanía, sen que o Goberno local do concello tome medidas para solucionar o problema.

O Baixo Miño é un territorio privilexiado no plano agrícola, cun gran prestixio vinícola. Tamén, con diferenza, a primeira comarca produtora de kiwis en España, con viveiros de plantas ornamentais que venden ao resto do país e no mercado europeo.

Dende hai un tempo, unha sociedade denominada “Cultivos Miñotos” está a introducir a produción de aguacate, que promete ser moi rendible ao existir gran demanda. O nome fiscal da empresa é Vivaz Plant SAT (Sociedade Agraria de Transformación) e foi creada en Goián no ano 2015. A actividade da empresa está definida como “cultivo de froitos de óso e pebidas”, polo que tamén explota extensas plantacións de mazás ecolóxicas que en boa parte son vendidas a unha reputada marca de bebidas para a produción de sidra, á vez que elaboran un zume coa etiqueta “Zumiño”. Agora tamén explotan o aguacate, un arbusto de orixe suramericana que ten un crecemento lento e que para adaptarse ás condicións e especiais características das terras do Baixo Miño precisa de moito alimento.

E é aquí, no uso de fertilizantes, onde pode radicar o problema, os produtores atoparon unha solución de abastecemento próxima e rendible, cunha empresa radicada en Porriño que fabrica produtos derivados de algas mariñas –



hidrocoloides, complementos para cosmética, alimentación, etcétera – e que tiña dificultades para desprenderse dos seus excedentes en forma de residuos e deuse a coincidencia de que os propietarios de Cultivos Miñotos necesitan abonos potentes.

Estes fertilizantes residuais que non causan malos cheiros, pero que ao colocar os refugallo en grandes montóns, estendelos sobre a terra e cubrilos posteriormente con grandes lonas, neste proceso alcanzan altas temperaturas de fermentación que facilitan a excesiva multiplicación e proliferación de insectos, cuxas larvas probablemente xa veñan incorporadas nos mesmos desperdicios dos organismos de procedencia mariña.

Evidentemente, sería gran cousa que Tomiño se convertese nun importante municipio colleiteiro de aguacate para poder así competir coa comarca de Almuñécar, na costa de Granada, de onde sae o groso da produción española e europea, pero isto non debe ser á conta da salubridade dos habitantes da comarca, dado que as pragas de moscas son unha posible fonte de infeccións e transmisoras de diversas enfermidades e tampouco pode ser á conta da hostalería e da industria turística da zona, que no caso de que neste verán volvan vivir as mesmas situacións do pasado ano estes negocios terán que asumir de novo grandes prexuízos. Se estes fertilizantes de baixo custe procedentes dos desperdicios do tratamento de algas fosen os causantes do dito problema débese actuar sen demora.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego dos problemas da aparición desta praga de insectos en Tomiño?

2ª) Que pensa realizar o Goberno galego para salvagardar a salubridade dos cidadáns de Tomiño e da actividade hostaleira e turística do municipio?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 05/04/2022 13:51:14





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2022 13:57:24
Nº Rexistro: 33403
Data envío: 05/04/2022 13:57:24.804

María Leticia Gallego Sanromán na data 05/04/2022 13:51:28

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/04/2022 13:51:43



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En tempos de pandemia nos que foi manifesta unha maior afectación da crise na vida das mulleres, sería desexable un compromiso absoluto por parte do Goberno galego en todo aquilo referido á promoción da muller para loitar contra esa desigualdade.

Á vez, e diante das cifras que amosan un preocupante incremento de todos os tipos de violencia contra as mulleres no noso país, fanse determinantes políticas contundentes de protección ás mulleres vítimas pero tamén de prevención.

Por todo isto, sorprende a baixa execución orzamentaria no pasado exercicio 2021 dos programas 313B de Accións para a igualdade, protección e promoción da muller, cun 66,1 % executado, e 313D de Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero, cun 88,1 % dun crédito de 15.313 miles de euros.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego que en 2021 se deixasen de investir millóns de euros previstos nos orzamentos para políticas dirixidas á muller?

2ª) Que explica a baixa execución das partidas orzamentarias 313B de Accións para a igualdade, protección e promoción da muller e 313D de Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero?

3ª) Conta o Goberno galego con previsións máis favorables de execución orzamentaria para este exercicio 2022?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 05/04/2022 12:59:16

Julio Torrado Quintela na data 05/04/2022 12:59:29

Noelia Otero Lago na data 05/04/2022 12:59:38

Marina Ortega Otero na data 05/04/2022 12:59:49



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Durante os trece anos de goberno ininterrompido do Partido Popular na Xunta de Galicia a mellora da situación do mercado laboral nunca foi unha prioridade, caracterizándose por un escaso dinamismo e un alto índice de precariedade, inestabilidade, perda de dereitos e un alarmante incremento da fenda xeracional, sendo a crise económica de 2008 e a reforma laboral posta en marcha polo PP as causas con maior peso desta situación. O Goberno galego no canto de empregar a súa competencia e os recursos públicos de maneira eficiente para loitar contra esta situación dedicouse ao *marketing* propagandístico redundando nos mesmos erros.

Os últimos datos publicados polo IGE sobre a enquisa de poboación activa correspondentes ao cuarto trimestre de 2021 respecto ao mesmo trimestre de 2009 revélanos que temos 83.400 persoas activas menos, 50.900 persoas ocupadas menos e que as persoas paradas só diminuíron en 32.500 nese mesmo período, cunha taxa de actividade para 2021 dun 52,9 % fronte ao 59,14 % do conxunto do Estado e que mentres que en España se crearon 840.000 empregos nun ano, superando a ocupación prepandemia, un crecemento do 4,35 % no conxunto do Estado, o maior nivel de emprego dende a crise de 2008, en Galicia o crecemento foi tan só do 0,96 %, sendo a terceira peor evolución de todas as CC.AA e as cidades autónomas, só por detrás de Murcia e de Ceuta. O mesmo acontece na evolución do número de parados do último ano, mentres en Galicia no cuarto trimestre de 2021 a baixada respecto ao mesmo trimestre do ano anterior é de só un 5,3 %, para o conxunto do Estado é dun 16,56 %, é dicir no Estado a baixada foi máis da tripla que na nosa comunidade.

A creación de emprego estable e de calidade supón un elemento fundamental no desenvolvemento e avance da economía, sendo o pilar clave no benestar dunha sociedade que permite o crecemento da cidadanía e impulsa a actividade económica a todos os niveis. En tan só un ano e medio, España logrou recuperar os niveis de afiliación á Seguridade Social previos á pandemia, creándose emprego en todos os sectores económicos.



A reforma laboral acadada entre o Goberno do Estado e os axentes sociais estase mostrando como a mellor ferramenta para consolidar un marco de creación de emprego estable e de calidade, que incentiva a contratación indefinida fronte á temporalidade, reduce o número de tipos de contratos e limita a contratación temporal a un máximo de tres meses por ano, o que fomenta o contrato fixo discontinuo. Así mesmo, o novo marco laboral recupera a negociación colectiva situándoa no corazón do novo modelo de relacións laborais, e aumenta os dereitos dos empregados e recupera a ultraactividade indefinida, ao tempo que se incrementan as sancións por contratación irregular e se impulsa a formación dos traballadores e traballadoras. E á boa experiencia que deron os ERTE ao longo da crise económica durante a pandemia, súmase a regulación dun novo instrumento, o Mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do Emprego como alternativa ao despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas e impídense os ERE nas administracións públicas.

En definitiva, créase un marco laboral que permite reducir a temporalidade, reforzar a creación de emprego de calidade e dar seguridade xurídica ás empresas ao mesmo tempo que se cumpre co compromiso adquirido coa Comisión Europea para lograr o seu aval e percibir os fondos europeos.

A semana pasada o Goberno remitiu aos grupos parlamentarios a execución dos créditos orzamentarios correspondentes ao exercicio 2021 e, ao igual que en exercicios anteriores, os Socialistas puidemos comprobar como novamente o programa 32. Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo é dos que peor execución orzamentaria presenta, 67,9 % de execución sobre os créditos vixentes.

Polo que, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é a opinión do Goberno galego ante a baixa execución ano tras ano das partidas destinadas á promoción do emprego e institucións do mercado de traballo?

2ª) Cales son as razóns desta baixa execución ano tras ano?

3ª) Considera o Goberno galego que a situación do mercado de traballo en Galicia está sendo considerado como eixe prioritario do crecemento económico e social do noso país?



4ª) Como vai abordar o Goberno galego neste exercicio 2022 á promoción do emprego para executar a totalidade dos fondos destinados a estes programas?

5ª) Canto ten recibido o Goberno galego dende 2020 do Goberno do Estado para a promoción do emprego na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/04/2022 11:53:24

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/04/2022 11:53:37

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/04/2022 11:53:48



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

O Informe do Estado da Pobreza en Galicia 2021, da Rede Galega contra a Pobreza, EAPN Galicia, reflicte unha vez máis como as dificultades de acceso a vivenda están a agravar as carencias materiais severas das galegas e galegos. Segundo este Informe, a porcentaxe de persoas con carencias materiais severas na nosa comunidade afecta xa a máis de 253.000 persoas. Son cifras que constatan un empeoramento preocupante das dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible, en especial para a poboación máis vulnerable onde ademais os gastos ligados ao pago do alugueiro, luz ,gas, auga, supoñen un auténtico aspirador de rendas.

A porcentaxe de persoas que manteñen atrasos nos pagos dos gastos da vivenda pasou dun 5,6 % a un 8,5 % , e dos que poden manter unha vivenda en condicións de temperatura axeitada dun 6 % a 9,6 %. Neste informe non se cuantifican as consecuencias que estamos a padecer por mor da guerra en Ucraína derivada da invasión rusa. Unha invasión que ademais de convulsionar a paz mundial cun sanguinario e inaceptable custe de vidas humanas e vítimas nos distintos ámbitos, está a ter un grande impacto directo tamén nas economías domésticas nunha suba de prezos que está a afectar con maior virulencia nos fogares máis vulnerables.

Neste contexto, os alugueiros que nas cidades galegas xa se tiñan incrementado antes arredor dun 25 % respecto do ano 2016, continúan subindo.

Resulta evidente que neste momento de inestabilidade, medo e inseguridade, a cidadanía galega, especialmente a máis desfavorecida e con máis dificultade necesita certezas e medidas máis alá de anuncios.

A pesar de todo, atopámonos cuns orzamentos en materia de vivenda á baixa nestes anos de presidencia do señor Alberto Núñez Feijóo ao fronte da Xunta de Galicia. Sen ir máis lonxe, os orzamentos destinados a vivenda este 2022 supoñen un recorte de máis do 40 % respecto dos orzamentos do ano 2009.



A esta falta de previsión orzamentaria hai que sumarlle a inaceptable falla reiterada de execución coa que se pecha cada exercicio en materia de vivenda, especialmente no programa de acceso a vivenda, programa 451B.

Neste contexto de crise e pese ás denuncias arredor deste desleixo en diversos debates e iniciativas parlamentarias, o pasado ano segundo os datos a decembro de 2021 tan só deron uso ao 32,9 % do orzamento dispoñible para este programa.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a valoración que fai o Goberno galego desta constante baixa execución orzamentaria nos programas de acceso a vivenda que se repite ano tras ano?
2. Pensa tomar algún tipo de medida para garantir a máxima execución do orzamento en materia de vivenda este 2022?
3. Considera aceptable esta baixa execución orzamentaria nos programas de acceso a vivenda nun momento de crise no que os gastos de alugueiro e o pago de subministros son o principal lastre para a economía das galegas e galegos?

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Patricia Otero Rodríguez

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 05/04/2022 16:26:04





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33422
Data envío: 05/04/2022 16:28:29.096

Patricia Otero Rodríguez na data 05/04/2022 16:26:12

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e María González Albert, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás consecuencias respecto da crise da suba de prezos e de materiais na obra pública prevista pola Xunta de Galiza para a cidade e as comarcas de Ourense así como as súas previsións de reprogramación orzamentaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre neste inicio de 2022 a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas que xa se viña producindo durante o 2021 e que agora se ve agravada polas consecuencias da escalada bélica na Ucraína.

A situación é de suba xeralizada dos prezos, mais o certo é que son determinados bens os que están a subir de forma drástica. Ademais, hai un efecto en cadea e con determinados ámbitos, coma o enerxético, sucédese a suba indirecta doutros bens e servizos. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5%% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. Hoxe o barril de Brent (o de referencia en Europa) cotiza máis dun 60% máis caro que hai un ano. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 17,8 € agora (un 33,83% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

Un dos ámbitos onde se está a notar máis o impacto da crise dos prezos, desde hai máis de seis meses, empeorado polos colos de botella das cadeas loxísticas e a crise de materiais que se vive a nivel mundial, tanto de acceso como de comercialización, é o da construción.

A escaseza de materias primas, o aumento do custe enerxético, problemas de subministro a nivel mundial, a suba dos custes loxísticos, a desregulación dos mercados mundiais ou a inestabilidade política noutros eixos, como Taiwan-China ou Alxeria-Marrocos para alén da situación xerada pola guerra son factores que están determinando a paralización ou demora de numerosas obras públicas. Para atallar esta inestabilidade, a Xunta de Galiza incluíu na tramitación da vixente lei de orzamentos unha disposición adicional segunda de “Medidas aplicables aos supostos de alteración extraordinaria e imprevisible dos prezos dos materiais nos contratos de obra pública”. Porén, parece que xa está superada pola realidade e que mesmo á luz das modificacións estatais deberá ser revisada.

Neste contexto, en marzo de 2022 a Xunta confirmou, en resposta oral en comisión ao Grupo Parlamentario do BNG na Comisión 3ª de Economía, facenda e orzamentos, a paralización da obra do CAPD de Ourense e a imposibilidade de buscar unha solución que evite a extinción do proceso e a nova convocatoria dun proceso de contratación.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son as obras públicas das comarcas de Ourense afectadas por paralizacións ou demoras motivadas pola crise de prezos e materiais?

. Están afectadas as obras de ampliación de servizos sanitarios do Complexo hospitalario de Ourense? Cal é a previsión de reprogramación orzamentaria e de prazos?

. Están afectadas as obras de ampliación de servizos educativos como o centro de FP? Cal é a previsión de reprogramación orzamentaria e de prazos?

. Están afectadas as obras de ampliación de servizos sanitarios de atención primaria? Cales? Cal é a previsión de reprogramación orzamentaria e de prazos?

. Están afectadas obras vinculadas ao desenvolvemento urbanístico e á mellora de estradas? Cales? Cal é a previsión de reprogramación orzamentaria e de prazos?

. Cal é a valoración do funcionamento da vixente lei de orzamentos a respecto da resposta á crise de materiais?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 05/04/2022 16:34:13

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/04/2022 16:34:17

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2022 16:34:26





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á evolución da débeda pública de Galiza e o impacto da crecente inflación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o último dato dispoñíbel do Protocolo de déficit público do Banco de España, do terceiro cuarto de 2021, a débeda pública de Galiza sitúase en 11.715 millóns de euros, superando a cifra do trimestre anterior, que estaba nos 11.259 millóns de euros, case triplicando a débeda existente no ano 2009, de 4.859 e cerca do máximo histórico trimestral acadado cos 11.750 millóns de euros rexistrados en marzo de 2018.

A débeda pública galega incrementouse fortemente nos últimos anos, tendo na actualidade un forte peso nos orzamentos da Xunta de Galiza, que lle dedican un 10% do seu total para o ano 2022 malia a redución dos tipos de xuro, cuestión coxuntural dos mercados que non é mérito do goberno galego.

Aínda que no contexto de contracción económica xerado pola covid-19 a débeda é unha ferramenta para poder sortear as dificultades derivadas das necesidades de recursos extraordinarios, ollando a evolución da débeda ao longo dos últimos anos constátase que dende que goberna Feijóo a débeda incrementou en máis de 6.800 millóns de euros. Os gobernos de Feijóo xeraron a maior parte da débeda galega, triplicándoa sen que iso tivese un correlato no fortalecemento dos servizos públicos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afectados polas políticas aplicadas polo Partido Popular, tal e como se pode ver con ocasión da pandemia da covid-19. Esta evolución consolidouse co paso dos anos malia que o PIB medraba en Galiza dende o 2014, data na que a débeda se situaba en 9.961 millóns de euros.

Recentemente, o 17 de marzo de 2022 o Banco de España informaba de que no seu conxunto, cos datos de avance dispoñíbeis, o saldo da débeda das Administracións públicas segundo o Protocolo de Déficit Excesivo (PDE) tería acadado os 1.424 mm de euros en xaneiro de 2022, cunha taxa de crecemento do 5,6% en termos interanuais.

O medre disparado da inflación desde mediados de 2021, acelerado no comezo de 2022 e afectado tamén polo impacto da guerra de Ucraína acada o 9,8% cos datos de avance do Instituto Nacional de Estatística de marzo de 2022.

Sen dúbida, esta situación vai ter un impacto na xestión da débeda pública. Dunha banda, prevense necesidades non previstas de gasto. Doutra banda, é de prever que isto supoña alteracións na política crediticia e monetaria a nivel internacional.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é a valoración do goberno galego do impacto na xestión da débeda pública do medre disparado da inflación e do escenario económico de comezos de 2022?

. Como valora o goberno galego o impacto para os orzamentos públicos dos últimos datos de débeda segundo o Banco de España?

. Considera o goberno galego que se axusta as previsións indicadas nos últimos anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que distorsións valora respecto das previsións dos orzamentos de 2022?

. Como prevé abordar o descenso de recursos extraordinarios que se prevén para 2023 en caso de que non se habiliten mecanismos estatais e europeos novamente extraordinarios?

. Como prevé abordar un hipotético cambio de escenario das condicións financeiras?

. Continúa valorando o goberno galego a volta á senda do déficit?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 05/04/2022 16:47:08

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/04/2022 16:47:10





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2022 16:47:19



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os sindicatos alertan do aumento do número de persoas afectadas por ERTE no mes marzo de 2022 non derivados da covid, que é un 86 % máis ca en febreiro, en total 1.739.

Explican que estas cifras poñen de manifesto a existencia de problemas de fondo no tecido produtivo galego que non se poden pasar por alto.

Estes serios problemas estruturais requiren de medidas de apoio os sectores produtivos, e non dun presidente xa totalmente despreocupado da situación económica e laboral da nosa Comunidade Autónoma.

Alberto Nuñez Feijoo, deixará a Presidencia da Xunta de Galicia cunha caída da poboación ocupada de 65.000 persoas, tomando como referencia de cálculo o mes de abril de 2009.

Estes datos confirman o que este grupo parlamentario vén insistindo nesta e anteriores lexislaturas, afirmando que Galicia conta cun mercado laboral caracterizado por un escaso dinamismo, temporalidade e parcialidade, derivada da inexistencia de políticas activas de emprego e de formación adecuadas as necesidades de mercado laboral galego, que racharan ca perda de poboación ocupada. En relación ca temporalidade referida, temos que resaltar que marzo destaca de novo polo aumento da contratación indefinida en España e de Galicia, grazas á reforma laboral realizada polo Goberno do Estado, e que en Galicia constitúen xa un de cada tres contratos, o triplo ca hai un ano.

De feito, Galicia conta tamén nesta altura con menos persoas afiliadas á Seguridade Social que no ano 2009. En concreto, a afiliación media chegou ás 1.026.146 no pasado mes de febreiro fronte ás 1.029.597 de abril de 2009. Case 3.500 menos hoxe que en abril de 2009. A poboación activa caeu tamén en máis de 90.000 persoas dende aquela.



Resaltar tamén que os mais prexudicados por esta perda de poboación activa, son os mozos e mozas galegas. Así o acreditan os datos debullados no IGE sobre os resultados da EPA. Atendendo ás series correspondentes para a poboación de entre 16 e 29 anos, que se inician a mediados de 2009, case trece anos despois a poboación moza desempregada reduciuse preto dun 45 %. Pero, ao tempo, a xente nova que traballa en Galicia caeu por riba do 46%. Son 27.700 mozos e mozas paradas menos que a mediados de 2009 pero case 100.000 ocupadas menos tamén.

Ao tempo, a taxa de actividade empeorou considerablemente. Por exemplo, na franxa de idade de 25 a 29 caeu case catro puntos, ata o 80,9 %, mentres que de 20 a 24 baixou en máis de vinte, do 63,8 % ao 41,1 %.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa reposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que o legado do presidente da Xunta de Galicia, en materia de emprego sexa unha caída de máis de 90.000 persoas de poboación activa?
2. Pensa a Consellería de Emprego tomar medidas concretas o respecto de forma inmediata?
3. De ser positiva a anterior resposta, que medidas concretas vai implantar ata decembro de 2022 e que presuposto vai dedicar as mesmas, por tramos de idade e sectores produtivos?

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:





María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/04/2022 17:37:02

Julio Torrado Quintela na data 05/04/2022 17:37:09

Marina Ortega Otero na data 05/04/2022 17:37:16



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada proxecto educativo, en cada ensino, na coordinación docente, na atención a cada alumna e a cada alumno, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de modo autónomo, nunha sociedade democrática. Ese mesmo decreto dispón que por atención á diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Un decreto que se ten desenvolvido e actualizado na Orde do 8 de setembro de 2021.

Ese mesmo decreto dispón que por atención á diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Do que se trata, como se indica no apartado uno do artigo único da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é de garantir unha educación de calidade para a totalidade do



alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal.

Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos adáptense ao que cada alumna e cada alumno necesiten. E para que iso sexa así, a Administración educativa, o profesorado, as familias e o conxunto da sociedade teñen que promover as actuacións que permitan coñecer e comprender como pensa cada unha das alumnas e dos alumnos, como atende, como procesa os estímulos que recibe, como manifesta os seus sentimentos, como interactúa coas demais persoas, cales son os seus intereses, cal é o seu nivel de desenvolvemento, etc. Como se recolle na exposición de motivos da citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, a responsabilidade do éxito escolar do alumnado recae no seu esforzo persoal, no das familias, no do profesorado, no dos centros docentes, no das administracións educativas e, en última instancia, na implicación do conxunto da sociedade.

Nos últimos tempos nenos e nenas, familias e persoal docente veñen padecendo unha realidade complicada provocada polas sucesivas crises derivadas da pandemia a distintos niveis e que ten derivado nun aumento exponencial do alumnado con todo tipo de necesidades, tanto específicas de apoio educativo (NEAE) como necesidades educativas especiais (NEE). Na actualidade, ademais dos problemas para atender debidamente a este alumnado as familias tamén están a padecer dificultades á hora de solicitar unha praza para o alumnado con NEAE nos centros, tanto en primaria como en secundaria.

O Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación dos departamentos de orientación nos centros docentes e os equipos de orientación específicos territoriais, garante que a orientación educativa e profesional ten que formar parte esencial da actividade educativa, establecendo un asesoramento permanente a alumnado, profesorado e familias, e entendendo a orientación como unha actuación profesional destinada a toda a comunidade educativa. Pero lonxe de garantir esta orientación esencial, as e os responsables dos centros educativos



galegos están a denunciar a pasividade da Xunta de Galicia ante este preocupante aumento este curso 2021/22 do alumnado con necesidades específicas e especiais.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten constancia a Consellería de Educación das dificultades que están a atravesar os centros polo aumento do alumnado con necesidades específicas e especiais?
2. Que está a facer para garantir prazas para o alumnado con NEAE e NEE nos centros de referencia de primaria ou secundaria?
3. Pensa reforzar ante esta tesitura o persoal e os departamentos de orientación para atender estas necesidades e o aumento do alumnado que precisa desta atención?

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 06/04/2022 10:14:20

Marina Ortega Otero na data 06/04/2022 10:14:27

Noa Susana Díaz Varela na data 06/04/2022 10:14:37



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A mediados do pasado mes de marzo o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade e a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, desprazáronse a Vigo para anunciar o plan funcional para desbloquear tras anos de atrasos e incumprimentos a construción do novo instituto IES de Navia.

Nesa visita o conselleiro e a conselleira anunciaron un proxecto que contará “cun investimento de preto de 12 millóns de euros” por parte do Goberno galego. “Desde a Xunta temos vontade, temos compromiso, temos orzamento e temos proxecto”, subliñou o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

No verán do 2021, o presidente da Xunta manifestaba pola contra durante unha visita a Vigo que o Goberno galego contaba “con 8 millóns de euros” para a construción desta demandada infraestrutura en Navia e que en breve se tiña “previsto licitar o proxecto construtivo”.

A data 5 de abril de 2022, e tras votar en contra en reiteradas ocasións na Comisión 4ª neste Parlamento das iniciativas presentadas por este grupo parlamentario sobre a necesidade de impulsar esta obra, pouco se ten avanzado e orzamentado ao respecto. Neste contexto, temos que lembrar que nos orzamentos deste ano 2022 a Consellería de Educación contempla unha partida de unicamente 50.000 euros baixo o título “novo instituto” de Vigo.

Confiando en que esta pequena partida sexa a reservada para impulsar dunha vez por todas o IES de Navia, cómpre aclarar cal é e onde está o orzamento anunciado polos distintos responsables da Xunta de Galicia nas visitas a Vigo.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o orzamento previsto para a construción do novo IES de Navia e con cargo a que partidas, baixo que prazos de execución teñen previsto a realización do proxecto?
2. En que prazo estiman estará concluído proxecto e en que curso estará operativo?

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 06/04/2022 10:16:10

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/04/2022 10:16:15

Noa Susana Díaz Varela na data 06/04/2022 10:16:22



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Exposición de motivos

A guerra de Ucraína implica un novo escenario económico con dificultades e riscos. O crecemento dos prezos, a crise enerxética e os problemas de subministros afectan ao comercio internacional tanto na vías das exportacións como das importacións e deste xeito tamén a cadea produtiva.

A economía galega vese afectada por estas dinámicas e debe facer fronte a un novo escenario, polo que corresponde ao goberno da Xunta de Galicia desenvolver todas as medidas posibles para favorecer á estrutura produtiva galega e neste contexto axudar ás empresas galegas a conseguir os insumos, enerxía e materias primas necesarias para a súa actividade produtiva, especialmente cando os subministros se cortan pola guerra, así como conseguir novos mercados para aqueles produtos galegos de exportación que deixen de ser demandados polos actuais compradores nun escenario de guerra e crise económica.

A Consellería de Economía e Empresa, o Igape e toda a administración económica e exterior da Xunta de Galicia debe converter o respaldo ás empresas galegas afectadas nun compromiso de acción preferente. Corresponde adecuar as liñas de acción preferente a novas circunstancias.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai aprobar o goberno da Xunta un plan de acción para fortalecer a posición das empresas galegas nos mercados exteriores ante o novo escenario derivado da guerra de Ucraína?
2. Vai o Igape desenvolver un conxunto de liñas de acción para garantir os insumos e importacións na industria, nos servizos e mercados galegos, especialmente onde hai dificultades de subministros pola guerra, buscando



e acadando tamén novos socios comerciais en mercados de orixe que poidan substituír aos que deixan de estar activos?

3. Vai o Igape desenvolver un conxunto de liñas de acción para conseguir novos mercados para produtos galegos, impulsando as exportacións no novo escenario internacional especialmente buscando novos destinos cando algún dos actuais poda debilitarse ou desaparecer por mor do escenario da guerra e da crise?
4. Vai o Igape adoptar unha posición proactiva de axuda real ao tecido empresarial mobilizando recursos e desenvolvendo un fondo de acción e de liquidez para empresas afectados pola crise derivada da guerra de Ucraína?

Pazo do Parlamento, 6 de abril do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/04/2022 10:32:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/04/2022 10:32:54



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O mundo está en plena Transformación Dixital, como resultado da aparición e implantación dun amplo conxunto de tecnoloxías que están provocando e provocarán grandes cambios na actividade produtiva da maioría dos sectores económicos, contribuíndo a reforzar a súa competitividade e potenciar o desenvolvemento e, á súa vez, incidindo directamente no progreso económico e social dos distintos países.

O 5G, xunto con outras tecnoloxías a intelixencia artificial, a análise avanzada de datos, a automatización de procesos, a robótica, a realidade virtual e aumentada, a impresión 3D ou os drones, entre outros, son a pedra angular desta dixitalización, caracterizada por un cambio tecnolóxico cada vez máis dinámico e constante.

No ámbito económico e empresarial, o 5G terá un impacto significativo positivo en aspectos como a mellora da competitividade, a produtividade, eficiencia no uso dos recursos produtivos, ou en termos de maior calidade ou rendemento dos produtos ou servizos que se xeran en distintos sectores económicos.

No ámbito do impacto ambiental, as redes 5G están chamadas a ser un elemento clave para avanzar na transformación do entorno dixital e ecolóxico de empresas, persoas, fogares e a sociedade no seu conxunto. Estas transformacións terán un impacto directo na creación e desenvolvemento de riqueza dos distintos Estados e rexións, e na transición cara a unha economía descarbonizada. Galicia debe estar nesta transformación, senón volveremos a quedar rezagados do resto de España e de Europa



A situación excepcional derivada da pandemia da COVID-19 acelerou o proceso de dixitalización, destacando os puntos fortes e tamén as lagoas tanto dende o punto de vista económico, social e territorial. De feito, durante os meses de restrición da mobilidade, demostrouse en xeral a capacidade e resistencia das redes de telecomunicacións para cubrir unha situación extrema de superconectividade, con incrementos con respecto a 2019 de ata 50 % en voz fixa, 30 % en voz móbil, 20 % en datos en rede fixa e 50 % en tráfico de datos móbiles. Ademais, consolidouse o protagonismo dos servizos audiovisuais dixitais como ben de consumo xeneralizado no lecer e entretemento.

A conectividade en Galicia debería mellorar para estrar plenamente na Transformación Dixital, pero para iso o Goberno galego ten que colaborar cos concellos para estender a conectividade ao 100% da poboación galega e acelerar o despregamento de redes e servizos 5G.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a colaborar a Xunta de Galicia cos concellos para estender a conectividade ao cen por cento da poboación galega e acelerar o despregamento de redes e servizos 5G?
2. Ten pensado o Goberno galego informar ós concellos na situación na que se atopa para poder estender a conectividade ao cen por cento da súa poboación e acelerar o despregamento de redes e servizos 5G?
3. Cales son os motivos, segundo a Xunta de Galicia, polos que non chega a conectividade ao cen por cento da poboación galega e acelerar o despregamento de redes e servizos 5G?

Pazo do Parlamento, 7 de abril do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 11:14:15
Nº Rexistro: 33481
Data envío: 07/04/2022 11:14:15.447

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/04/2022 11:09:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/04/2022 11:10:02

Martín Seco García na data 07/04/2022 11:10:12

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a alimentación das persoas usuarias de residencias de maiores en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza hai case 22 mil prazas en residencias de maiores públicas, privadas e concertadas o que se traduce nunha cifra practicamente idéntica de persoas usuarias.

Malia que existen moi diversos perfís de usuarias o certo é que nos últimos anos as persoas que viven en centros residenciais foi mudando e tende, cada vez máis, a contar con graos de dependencia máis elevados e procesos neurodexenerativos máis avanzados. Isto converte as usuarias e usuarios nun colectivo vulnerábel que esixe dun grao de protección maior.

Para o Bloque Nacionalista Galego desde o inicio da pandemia e antes mesmo da crise sanitaria provocada pola Covid-19 a garantía dos dereitos fundamentais da poboación usuaria de residencias é unha prioridade. Dentro deses dereitos está a alimentación que reciben, o seu valor nutricional, a adaptación ás necesidades de cada unha das persoas e a capacidade de participación no deseño dos menús de usuarias e familiares.

Múltiples familias e residentes trasladaron ao Grupo parlamentario do BNG queixas polas deficiencias detectadas nos menús que reciben usuarias e usuarios nalgúns





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destes centros do noso país o que motiva esta batería de iniciativas co obxectivo de determinar as deficiencias que teña detectado a inspección no exercicio das súas funcións e as medidas que se estean a arbitrar, de ser o caso, desde a Xunta de Galiza para garantir que a alimentación que reciben as persoas usuarias de residencias cumpre os máximos estándares de calidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que valoración fai a Xunta de Galiza dos menús que se suministran nas residencias de maiores galegas tanto públicas como privadas e/ou concertadas?
- . Recibiu algunha queixa de usuarias e/ou familiares relacionadas coa alimentación?
- . De ser así, cantas, por que razón e en que centros?
- . Detectaron os servizos de inspección de Política Social deficiencias nos menús e alimentación das persoas usuarias nos últimos 4 anos?
- . De ser así, cantos, por que razón e en que centros?
- . Que medidas arbitra ou pensa arbitrar a Xunta de Galiza para garantir a máxima calidade na alimentación das persoas usuarias de residencias?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 07/04/2022 12:19:14

María Montserrat Prado Cores na data 07/04/2022 12:19:17

Olalla Rodil Fernández na data 07/04/2022 12:19:25





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do mes de marzo os servizos técnicos da Consellaría do Mar comunicaron ás confrarías da ría de Ferrol que a apertura do banco das Pías prevista para o mes de abril non podería realizarse.

Segundo o comunicado emitido polas confrarías afectadas, os mesmos servizos técnicos da Consellaría informan que das 4 toneladas de ameixa babosa que contaban poder extraer apenas quedaba 1, e atribúen as causas da desaparición da ameixa á acción de depredadores mariños, nomeadamente á estrela de mar.

A situación da produción de ameixa babosa na ría de Ferrol ven sendo obxecto de seguimento, preocupación e denuncia constante por parte do BNG, que ven demandando de forma insistente un cambio radical na actitude da Xunta de Galiza, instándoa a liderar con determinación un plan para a rexeneración da ría e a recuperación da produción marisqueira, a comezar pola realización dun estudo integral que poida determinar as causas que provocan a situación actual, e orientar debidamente as accións a tomar.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se aínda hai pouco tempo coñeciamos que os datos definitivos de produción de ameixa babosa do ano 2021 estaban no 6% do que representaban no ano 2000 (25T contra 427T en números redondos), agora vimos de descubrir que as grandes expectativas da Consellaría do Mar para este ano 2022, e agora malogradas, eran apenas de 4T, unha cifra imposíbel de cualificar.

Botarlle a culpa á estrela de mar da desaparición de 3T de ameixa non convence a ninguén, nin ao sector, nin a expertos consultados polo BNG, escépticos ante as explicacións dunha Consellaría que seguen sempre un mesmo patrón de procurar causas ou culpábeis alleos á súa política e a poder ser con aparencia de seren impredecíbeis, e insuperábeis. O infortunio, vaia.

En todo caso, estes feitos veñen deixar en evidencia que as actuacións da Consellaría non só non obteñen resultados, senón que lamentabelmente as súas propias expectativas eran absolutamente pírricas.

Nin que dicir ten que o volume de persoal ocupado no sector segue a mesma tendencia.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Por que a Xunta de Galiza non exerce as súas competencias en materia de produción de marisqueira?

. Por que a Xunta de Galiza ven boicoteando desde hai anos a elaboración dun estudo integral sobre a situación produtiva da ría de Ferrol que inclúa a situación dos fondos mariños?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que a Xunta de Galiza se obstina en sinalar causas ou culpábeis sen base científica da caída da produción marisqueira?

. Por que a Xunta de Galiza nunca realizou ou encargou un estudo sobre os fondos e os sedimentos da ría de Ferrol?

. Por que a Xunta de Galiza nunca avaliou o impacto da introdución de especies foráneas nas rías? Por que a Xunta de Galiza decide a realización de grandes achegas de áridos sen coñecer as dinámicas hídricas da ría?

. Por que a Xunta de Galiza nunca avaliou os efectos de decisións como a baixada da talla comercial da ameixa, ou da aprobación de plans que significaban de facto unha sobre explotación dos bancos?

. Como explica a Xunta de Galiza que a ría de Ferrol aínda manteña zonas C, e sexa a única de todo o estado español que ten zonas sen clasificar?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 07/04/2022 12:54:52

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/04/2022 12:54:56



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Noa Díaz Varela e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Concello do Pino foi beneficiario dunha axuda do Programa Leader 2014-2020 –Anualidade 2019, submedida 19.2: Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo para entidades públicas locais-. Esta axuda foi xestionada a través do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo, e que serviu para cofinanciar diverso equipamento deportivo (cintas de correr, elípticas, bicicletas estáticas, remo, etc.). Equipamento que se instalou no pavillón deportivo municipal, co propósito e obxecto de que estiver a disposición da poboación.

Despois de pasados dous anos dende a concesión da axuda, e despois de que o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE solicitase en varias ocasións, a posta a disposición do citado equipamento para a cidadanía, recorrendo incluso a facelo en sesión plenaria, a entidade beneficiaria incumpriu, reiteradamente, a resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), en particular o artigo 19, referente ás obrigas dos beneficiarios e o concello do Pino incumpriu, reiteradamente, a Lei de subvencións de Galicia, entre outros, o seu artigo 11.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE do Pino enviou o 15 de outubro de 2021 un requirimento á Directora Xeral do Agader para que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), como ente público da Xunta de Galicia, o cal promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia, proceda a iniciar todos os trámites para que o concello d Pino reintegre a axuda recibida baixo o Programa Leader 2014-2020 -



Anualidade 2019, submedida 19.2, consonte ao incumprimento reiterado do obxecto dela, normativa de aplicación e a lei.

E que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), informe de todos os trámites realizados ao solicitante, como parte interesada no procedemento, incluíndo, se for o caso, a audiencia e período de alegacións.

A día de hoxe e seis meses despois de ser rexistrado o dito requirimento, o Grupo Municipal Socialista do Pino segue sen ter resposta do escrito presentado.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Recibiu Agader o requirimento efectuado polo Grupo Municipal Socialista no Concello de O Pino? En que grado de tramitación está o dito requirimento?

2ª) Cal é opinión da dirección de Agader sobre esta denuncia realizada dende O Pino?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 07/04/2022 12:48:02

Noa Susana Díaz Varela na data 07/04/2022 12:48:19

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/04/2022 12:48:35



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Hai 16 meses, aprobouse por unanimidade unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista na que se solicitaba á Xunta de Galicia que constituíse unha mesa de traballo multilateral co fin de acadar a homologación do Camiño dos Faros, unha homologación que leva anos paralizada e pendente dun Goberno galego que semella que unha iniciativa de éxito como é esta ruta de sendeirismo para as comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, non lle preocupa

Con esta proposta, a unanimidade dos grupos do Parlamento reclamáballe á Xunta de Galicia que constituíse unha mesa de traballo na que ademais do executivo galego participasen a Deputación da Coruña, os alcaldes dos 9 concellos polos que transcorre o Camiño dos Faros, a Asociación de Turismo Costa da Morte –ATCM-, a Asociación Camiño dos Faros, a Federación Galega de Montañismo e aqueles outros organismos e colectivos que a propia mesa estimase conveniente polo seu recoñecemento e competencias nos ámbitos que o asunto requira.

O obxectivo desta iniciativa era conseguir a homologación e planificar o futuro dunha actividade que mobiliza ata 20.000 visitas anuais á Costa da Morte e Bergantiños. Dende o Grupo Socialista seguimos apostando por un Camiño dos Faros tal e como está configurado actualmente e non roubarlle o nome nin diluílo noutro tipo de proxecto que utilice grandes consultoras para un mero uso economicista e deixando na cuneta o realmente importante. Resulta necesario salvar os escollos, principalmente medioambientais, coa titularidade das leiras ou a porcentaxe de asfalto que presenta a proposta, coas modificacións propostas pola propia Asociación Camiño dos Faros, promotora do proxecto ou outras que se pactasen na mesa que se debería constituír.

Pese ás múltiples iniciativas do noso grupo en sede parlamentaria e ás supostas intencións manifestadas tanto pola directora do departamento de Turismo da Xunta de Galicia, como polo propio vicepresidente 1º da Xunta de Galicia de cumprir este acordo e poñerse a traballar pola homologación desta ruta de gran percorrido, despois das preguntas realizadas por este grupo, tanto en comisión como en pleno, vemos como case ano e medio despois deste acordo, a Xunta de



Galicia non convocou nin unha soa vez á mesa de traballo para conseguir esta homologación.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) A que está esperando o Goberno galego para constituír a mesa de traballo para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran recorrido, despois de que fose aprobado pola unanimidade dos grupos do Parlamento hai ano e medio?

2ª) Ten presente o Goberno galego que está a poñer en risco a seguridade dos sendeiristas que percorren a dita ruta e o respecto medioambiental ao territorio por onde transcorre, cada día que evitan sentarse a resolver os problemas da homologación do Camiño dos Faros?

3ª) Ten presente o Goberno galego a importancia económica que ten esta ruta para os concellos por onde transcorre o camiño e as posibilidades que abre para as economías dunhas comarcas que necesitan dese apoio?

4ª) Cre o Goberno galego no proxecto do Camiño dos Faros, tal e como está establecido en liñas xerais e non como parte dun proxecto máis amplo?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 07/04/2022 13:42:52

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/04/2022 13:43:07



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Goberno do Estado aprobou o Real decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, que contempla medidas concretas no ámbito da atención ás vítimas de trata e explotación sexual, conscientes de que o desprazamento masivo de mulleres, nenas e nenos leva aparellado un risco de trata con fins de explotación sexual, alertado por diversos organismos internacionais.

Unha destas medidas ten que ver co recoñecemento da acreditación de vítima de trata e explotación sexual, incluídas as mulleres que foxen do conflito armado en Ucraína. En concreto, o artigo 47 do Decreto establece que esa condición vai poder ser acreditada polos servizos públicos encargados da atención integral ás vítimas e ás entidades sociais debidamente recoñecidas polas administracións públicas especializadas na materia, que no caso galego é a secretaria xeral de Igualdade da Consellaría de Emprego e Igualdade.

No segundo apartado do artigo 47 explícitase que esa acreditación dará acceso aos dereitos de información e derivación a recursos asistenciais establecidos na normativa estatal e no artigo 12 do Convenio de Varsovia, e, no caso de cumprir o resto de requisitos, ao Ingreso Mínimo Vital.

O mesmo decreto de medidas urxentes promove ademais na súa disposición adicional trixésima terceira que as comunidades autónomas e as entidades locais poidan destinar os fondos de anos anteriores non comprometidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero a pór en marcha todos os proxectos ou programas preventivos e asistenciais necesarios, así como calquera outro que, no contexto da crise humanitaria derivada do conflito bélico, teña como finalidade garantir a prevención, protección e a atención ás mulleres refuxiadas.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1º) Ten previsto a Consellaría de Emprego e Igualdade acollerse á nova posibilidade que abre o Real decreto-lei 6/2022 para que servizos públicos ou entidades sociais colaboradoras poidan acreditar cun informe a condición de vítima de trata e explotación sexual?

2ª) Cales serán eses servizos públicos ou entidades sociais colaboradoras que levarán a acabo ese proceso?

3ª) Cantos fondos quedaron sen executar en Galicia de exercicios anteriores do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e do Plan corresponsables?

4ª) Pensan facer uso deses fondos non comprometidos en anteriores exercicios, tal e como permite o novo decreto lei? En que programas ou accións?

5ª) Ten previsto o Goberno galego destinar eses fondos non comprometidos a accións que garantan a prevención, protección e atención ás mulleres refuxiadas? En caso afirmativo, en que accións concretas?

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 07/04/2022 12:36:01

Julio Torrado Quintela na data 07/04/2022 12:36:17

Marina Ortega Otero na data 07/04/2022 12:36:28



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Goberno galego na anterior lexislatura deixou sen executar 163 millóns de euros na partida orzamentaria de I+D+i, no programa 561A.

No ano 2021 a Xunta de Galicia só executou o 55 % do programa 561A sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. Volvendo a non executar os orzamentos outro ano máis, quedando o 45 % do orzamento sen executar, 80 millóns de euros.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa reposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego da execución do programa 561A dos orzamentos do ano 2021?
2. Considera adecuada a porcentaxe de execución do mencionado programa no ano 2021?
3. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia só executou o 55 % dos orzamentos de 2021 no programa 561A sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica?
4. Cales foron os proxectos, programas ou investimentos que ficaron sen desenvolverse a causa da falta de execución do 45 % de orzamento no programa 561A?
5. Como valora o Goberno galego que en 2021 se deixasen de investir 80 millóns de euros en investigación, desenvolvemento e innovación?
6. Do importe deixado sen executar no programa 561A por parte do Goberno galego que ascende a 80 millóns de euros, que contía se corresponde con fondos que proveñen do Goberno de España ou da Unión Europea?



7. A que se debe a grande diferenza na execución orzamentaria entre o ano 2020 e o 2021 no programa 561A?

Pazo do Parlamento, 7 de abril do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/04/2022 16:02:18

Martín Seco García na data 07/04/2022 16:02:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da Central Térmica das Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 2 de marzo botou a andar a constitución do Centro Ibérico de Investigación en Almacenamiento de Energía que se vai situar en Cáceres. Nesta data adxudicouse o primeiro contrato para o seu impulso, neste caso unha licitación para asesoramento na redacción dos pregos e seguimento da execución dos contratos.

Unha primeira pedra simbólica dun investimento calculado en máis de 74 millóns de euros para os próximos anos, e que vai contar co apoio decidido do goberno do estado.

O inicio do procedemento para constitución deste centro en Extremadura, e aínda antes o seu anuncio por parte do goberno do estado, ten provocado diferentes manifestacións do goberno galego a través do aínda presidente Feijóo ou do Vicepresidente Conde, tanto en medios de comunicación como en sé parlamentaria, criticando ao goberno do estado por este apoio que consideran unha discriminación co noso país.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas manifestación causaron no Grupo parlamentario do BNG unha gran sorpresa posto que o Partido Popular e o goberno galego mantiveron até o de agora unha postura totalmente contraria á posibilidade de contar na Galiza con un centro deste tipo.

De feito a constitución dun Centro de I+D+i para o almacenamento de enerxía é unha proposta coñecida que o BNG ten presentado en non se sabe cantas ocasións, ben pola vía de emendas aos orzamentos galegos dos dous últimos exercicios, ben pola de vía de Propositions non de lei. E sempre, en todos os casos, foi rexeitada co voto en contra do Partido Popular, e mesmo en certa ocasión, no transcurso dos debates, ten sido ridiculizada polo Vicepresidente Conde.

Esta falta de criterio por parte do Partido Popular e da Xunta de Galiza, respecto de cuestións básicas neste contexto de cambio de modelo enerxético, como é o almacenamento enerxético, evidencia non só a máis absoluta falta de planificación para enfrontar os cambios, senón tamén a carencia de proxectos concretos que poidan servir para a reactivación económica da Vila das Pontes.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. En que estado de tramitación se atopan os anunciados proxectos de ENDESA para a instalación de potencia eólica vinculados ao proxecto dunha planta de hidróxeno na Vila das Pontes?

. O anuncio por parte de ENDESA da sinatura con ALCOA San Cibrao para subministrarlle enerxía renovábel afecta aos parques que estaban en principio vinculados coa planta de hidróxeno da Vila das Pontes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza que este cambio de estratexia por parte de ENDESA pode estar relacionado co anuncio por parte da Xunta de Galiza de realizar cambios normativos para facilitar a instalación de aqueles parques eólicos que comprometan a electricidade xerada con grandes consumidores a través de contratos estábeis?

. En que situación de trámite se atopa o proxecto anunciado por REGANOSA para a instalación dunha central hidráulica de bombeo? En que medida este proxecto está vinculado á instalación na Vila das Pontes dunha planta de hidróxeno verde? Que pasos ten dados a empresa promotora?

. En que medida estes proxectos de REGANOSA dependen da adxudicación de fondos NEXT GENERATION?

. Por que a Xunta de Galiza rexeita a posibilidade de instalar un centro de I+D+i para o almacenamento de enerxía na Vila das Pontes?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 07/04/2022 16:31:17

María do Carme González Iglesias na data 07/04/2022 16:31:20

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/04/2022 16:31:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación socioeconómica da Galiza e medidas que debe adoptar o goberno galego no ámbito sociolaboral para evitar que sigan medrando as bolsas de pobreza e as desigualdades.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escalada descontrolada do prezo do gas natural que estamos a sufrir nos últimos meses provocou, polo deseño mesmo do mercado eléctrico, unha suba do prezo da electricidade que golpea á sociedade galega no seu conxunto.

Ao anterior hai que sumarlle o encarecemento exponencial dos costes das materia primas e dos bens intermedios, que xa era unha realidade en decembro do ano pasado e que agora, coa situación de guerra na Ucraína e coa inestabilidade económica a nivel europeo, se agravou.

As consecuencias de todo isto son un aumento da taxa de inflación e unha ralentización da economía, que afectan de xeito especial e máis intenso a Galiza.

Ralentización que no caso do noso país adquire unha maior gravidade xa que estabamos a recuperarnos da crise económica e social provocada pola Covid-19 a un ritmo inferior que o resto do Estado Español.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En canto a inflación, tendo en conta que os salarios e as pensións galegas son das máis baixas do Estado, a perda de poder adquisitivo suporá un aumento dos fogares galegos que chegan con dificultades a finais de mes e a xeración de bolsas de pobreza, xa que son os que menos ingresos teñen os que sufrirán con maior virulencia as consecuencias da crise que se albisca no horizonte.

Así o parecen confirmar todos os indicadores socioeconómicos e os datos estatísticos.

Segundo datos do Instituto Estatístico Galego os fogares galegos que teñen dificultades para chegar a fin de mes mantéñense por riba do 50% no primeiro trimestre do 2022.

Pero o dato máis preocupante é que a porcentaxe entre os que contan con máis dificultades sobe até o 6,72%, supón un lixeiro incremento en relación ao trimestre anterior, e confirma unha tendencia negativa.

Diminúen os catro indicadores parciais de perspectivas de evolución: baixaron o indicador de situación financeira, de desemprego, de situación económica na Galiza e o de capacidade futura de aforro.

O indicador de confianza do consumidor, como é lóxico, varía en función do intervalo de ingresos no fogar, sendo moi sintomático o caso de fogares con ingresos inferiores a 600 €/mes, onde o indicador sitúase no -40,30.

Ante a delicada situación socioeconómica, o 12,60% dos fogares galegos mudou hábitos de compra, e o 30,24% diminuíu outros gastos comúns, agás alimentación. Buscando reducir gastos e afrontar gastos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dan análise destes datos pode colixirse que os que menos teñen serán, unha vez máis, os que sufrirán dun xeito máis acentuado as consecuencias da crise actual, que parece se prolongará no tempo.

E non podemos obviar que no noso país hai unha relación directa entre pobreza e precariedade laboral e pensións baixas.

Conxugando o anterior coa evolución dos datos do paro dos últimos meses na Galiza, e concretamente do mes de marzo, podemos concluír que a xente nova, sector onde medrou o desemprego, e as mulleres, que constitúen o 58% do total de persoas paradas no noso país, serán, as máis castigadas na nova crise. E son as mozas e mozos e as mulleres galegas as que parten dunha situación de precariedade laboral, en forma de temporalidade, parcialidade e salarios baixos que é estrutural e previa á pandemia é a crise actual.

Isto esixe que as administracións, dentro das súas competencias, adopten de xeito inmediato as medidas que sexan necesarias para crear unha rede de protección para aqueles que xa se atopaban nunha situación complicada dende o punto de visto socioeconómico e laboral, e que coa crise irá a peor.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora o Goberno Galego a Enquisa Coxuntural a Fogares correspondente ao primeiro trimestre do 2022?

. Como valora a Xunta os datos de desemprego do mes de marzo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera o goberno galego que existe unha relación directa entre salarios e pensións baixas e dificultades para chegar a final de mes?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/04/2022 18:11:02

Noa Presas Bergantiños na data 07/04/2022 18:11:06

Daniel Pérez López na data 07/04/2022 18:11:15



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 11269**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas implantadas polo Goberno galego no ano 2021, con motivo da pandemia da covid-19, para garantir a mellora das condicións de aprendizaxe do alumnado xordo, a valoración que fai da proposta dun ensino bilingüe en lingua oral e de signos, así como sobre a asunción dalgún compromiso ao respecto"**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta destinará neste ano 2021 máis de 1,3 millóns de euros á Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para facilitar a comunicación e avanzar cara á accesibilidade universal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33559
Data envío: 07/04/2022 15:07:54.241

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:07:51

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 11083**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Raquel Arias Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación do proxecto de conexión do porto seco de Monforte coa estrada N-120, a actuación que está a levar a cabo o Goberno central en relación co seu desenvolvemento e as previsións do Goberno galego respecto da súa execución"**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto de construción da conexión do Porto Seco de Monforte coas estradas LU-933 e N-120 aprobouse o 7 de novembro de 2010 e, debido ao elevado importe da actuación, decidiuse dividir as obras en dúas fases. A primeira, a correspondente ao subtramo Porto Seco-LU-933, está en servizo desde decembro de 2015.

No que respecta ao subtramo LU-933 – N-120, a solución aprobada inicialmente pola Xunta de Galicia resultou incompatible coa seleccionada polo daquela Ministerio de Fomento no estudo informativo da A-76. Por esta razón, acordouse a redacción dun novo proxecto de trazado e impacto ambiental que definise unha solución compatible co proxecto desta autovía. Ademais, mantivéronse diversos contactos coa Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia co fin de fixar os criterios para que a dita solución fose autorizable.

O contrato para a redacción do novo proxecto de trazado, tramitación da avaliación de impacto ambiental e redacción do proxecto construtivo asinouuse o 1 de decembro de 2016 e aprobouse de xeito definitivo o 18 de outubro de 2019. A nova conexión permitirá absorber o tráfico xerado pola área loxística e de intercambio de mercadorías do porto seco e constituirá a súa principal vía de unión coa Meseta e o sur de Galicia, ao tempo que evitará o paso de vehículos, sobre todo de tráfico pesado, polo núcleo urbano de Monforte de Lemos.



En canto aos trámites posteriores á antedita aprobación, hai que destacar o informe de Adif do 21 novembro de 2019, no que reitera que para autorizar as obras deberase suprimir un paso a nivel. Non obstante, este paso nada ten que ver coa actuación, razón pola que a Xunta considera que a petición de Adif non só resulta inasumible senón que, ademais, está a bloquear a actuación. Tamén o informe da Confederación Hidrográfica do Miño Sil do 26 de novembro de 2019, que solicita o redeseño das obras de drenaxe, o que tamén atrasa a actuación, posto que implica refacer un proxecto xa aprobado. Ademais, o informe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, con data do 6 de febreiro de 2020, solicita documentación complementaria unha vez acordada a solución, que, ao igual que no caso anterior, é unha petición que atrasa a actuación.

A maiores destes problemas administrativos xerados polos tres devanditos informes emitidos pola Administración Xeral do Estado, hai que poñer de manifesto o bloqueo, tamén por parte do Goberno central, a investir recursos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para esta actuación. E iso pese a que esta actuación encaixa perfectamente nos obxectivos que a Unión Europea formulou para este programa Next Generation de fondos europeos. De feito, así o solicitou a Xunta de Galicia ao Goberno de España especificamente para esta actuación o 25 de xaneiro de 2021, pero foi desestimado.

Salvo cambio de opinión do Goberno central, non será posible aproveitar estes fondos para financiar unha actuación que, na opinión da Xunta de Galicia, si que tería sentido e encaixe nos obxectivos da Unión Europea”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33561
Data envío: 07/04/2022 15:08:06.850

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:08:03

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 11266**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas implantadas polo Goberno galego no ano 2021, con motivo da pandemia da covid-19, para garantir a mellora das condicións de aprendizaxe do alumnado xordo, a valoración que fai da proposta dun ensino bilingüe en lingua oral e de signos, así como sobre a asunción dalgún compromiso ao respecto"**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta destinará neste ano 2021 máis de 1,3 millóns de euros á Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para facilitar a comunicación e avanzar cara á accesibilidade universal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33560
Data envío: 07/04/2022 15:08:00.069

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:07:57

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33558

Data envío: 07/04/2022 15:07:47

Data 07/04/2022 15:07

g

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 11752**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións realizadas polo Goberno galego para posibilitarlles aos traballadores que por razón da súa actividade profesional teñen que facer desprazamentos longos o acceso aos servizos de catering dispoñibles para os transportistas profesionais nos centros loxísticos e nas áreas de servizo das estradas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 11753, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 1 do BOPG número 187, do 13 de agosto de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22

Páxina 1 de 1

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
07/04/2022 15:07:44

122101

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33558
Data envío: 07/04/2022 15:07:47.647

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:07:44

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 26145**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carme González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o apoio ao pequeno comercio na convocatoria de subvencións para renovación de electrodomésticos"**, (publicada no BOPG número 246 do 22 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con motivo do debate da pregunta 26351 que tivo lugar na sesión do 10 de marzo de 2022 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZDRkOTk3ZmYtMTljYi00ZTRmLWFKYzMtYTE4Y2NmZjA1ZmZm&start=3231](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDRkOTk3ZmYtMTljYi00ZTRmLWFKYzMtYTE4Y2NmZjA1ZmZm&start=3231)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33563
Data envío: 07/04/2022 15:09:07.708

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:09:04

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 19177**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marisol Díaz Mouteira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as implicacións que supón para a Comunidade Autónoma de Galicia a formulación do artigo 18 do proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, e o resultado da súa votación na ponencia"**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego leva advertindo desde 2019 da inseguridade xurídica que xera para máis dun centro de empresas do complexo mar-industria a proposta de modificación do regulamento xeral de costas impulsada polo Goberno central.

Esa proposta suporía limitar a duración máxima das concesións a 75 anos, incluídas as prórrogas, o que pon en risco a viabilidade das empresas que deseñaron os seus plans empresariais de acordo cos prazos anteriormente previstos.

O Goberno central retoma así o seu ataque contra o complexo mar-industria de Galicia para aplicar unhas medidas que xa intentou aprobar pola porta de atrás durante a tramitación da Lei de cambio climático pero que foi freado en boa medida no seu paso polo Senado.

A Xunta traballa para evitar os cambios na duración das concesións:

Coa presentación de alegacións ao regulamento xeral de Costas.

No marco da comisión bilateral co Goberno central sobre a Lei de cambio climático.



Mantemos a vontade total para seguir buscando solucións que dean seguridade a estas industrias, entre elas máis dun cento da cadea mar-industria, así como a outras 5.000 edificacións situadas na liña de costa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33557
Data envío: 07/04/2022 15:07:39.647

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:07:36

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 27700**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento da rebaixa das peaxes da autoestrada do Val Miñor, AG-57 "**, (publicada no BOPG número 262 do 24 de xaneiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O 29 de decembro de 2021 a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicou no DOG o Decreto 172/2021, do 23 de decembro, polo que se aproba o texto consolidado e a addenda ao Convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A., polo que se establece a achega extraordinaria para mitigar o impacto da subida de tarifas do ano 2022 e se regulan as bonificacións da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57).

Na cláusula 3 do dito texto establécese que, co obxectivo de contrarrestar os efectos da crise e incrementar a competitividade, a Axencia Galega de Infraestruturas realizará unha achega extraordinaria á sociedade concesionaria para mitigar o impacto da suba da peaxe do ano 2022 aos usuarios destas autoestradas.



A sociedade concesionaria calculará as peaxes do 2022 tomando como base as tarifas vixentes en 2021 e incrementándoas só nun 2,5 %, isto é, menos da metade do que lle correspondería polo incremento do IPC.

Dado que as peaxes en AG-55 e AG-57 se redondean a 5 céntimos para os distintos itinerarios o efecto desta medida é diferente segundo o treito. Para vehículos lixeiros a suba máis elevada será a mínima, de 5 céntimos.

En concreto, na AG-57 e para vehículos lixeiros coa suba de acordo co IPC de 12 itinerarios subirían 10. Non obstante, limitando a suba ao 2,5% só aumentan o prezo 6 itinerarios e, todos eles, na contía mínima de 5 céntimos.

Por outra banda, ademais da mencionada achega extraordinaria o texto recolle, na súa cláusula 5, tres tipos de bonificacións da peaxe para ambas autoestradas.

O primeiro é a bonificación por frecuencia de uso. Cando se realice con cargo a un OBE o pagamento dun traxecto con ida e volta entre dous enlaces da autoestrada nun prazo máximo de 24 horas aplicase unha bonificación do 25% sobre o importe da viaxe de volta se o usuario realiza unha única viaxe de volta en 24 horas e unha bonificación do 50% sobre o importe do segundo e posteriores traxectos de volta se o usuario realiza dúas ou máis viaxes de volta en 24 horas.

Refórzase así o anterior período de bonificación que establecía que a volta debía realizarse no mesmo día natural que a ida.

O segundo tipo é a bonificación por treito horario de uso. Cando se realice con cargo a un OBE o pagamento dun traxecto no treito horario nocturno, que comprende desde as 00.00 horas ata ás 6.00 horas, a sociedade concesionaria aplicará unha bonificación do 50%.

Bonificación para familias numerosas é o terceiro tipo. Cando se realice con cargo a un OBE o pagamento dun traxecto de volta nun prazo máximo de 24 horas desde





o pagamento da viaxe de ida, a sociedade concesionaria aplicará no traxecto de volta unha bonificación do 100%.

Con estas medidas impulsadas pola Xunta as autoestradas autonómicas seguen a ser das máis baratas de España, cun custo medio por quilómetro inferior ao das autoestradas estatais AP-9 e AP-53".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33556
Data envío: 07/04/2022 15:07:27.913

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:07:24

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 28299**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Xosé Luis Bará Torres, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia do posible cambio de titularidade das minas de San Fins en Lousame, e do cumprimento desas instalacións de toda a normativa vixente que lles afecta"**, (publicada no BOPG número 267 do 31 de xaneiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Na tramitación do expediente de solicitude de autorización de vertido correspondente á explotación mineira de referencia, localizada no lugar das Minas de San Fins – Vilacova, Augas de Galicia está a seguir co previsto na normativa de aplicación, en particular no texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico, e tomando en consideración as Normas de Calidade Ambiental establecidas para o medio receptor, en particular no vixente Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa e no Real decreto 817/2015, de 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental.

No que atinxe á autorización dunha nova instalación, con base nos resultados da proba piloto levada a cabo, a peticionaria da autorización de vertido presentou un novo proxecto de vertido no que se propoñen unhas novas instalacións de depuración de augas residuais.



Este proxecto foi informado pola Área de Calidade das Augas de Augas de Galicia o 16 de outubro de 2021, que non manifestou obxeccións, concluindo «a necesidade de condicións de vertedura máis rigorosas para o cumprimento dos obxectivos medioambientais, polo que os obxectivos de vertido estarían limitados polo medio receptor»; e foi sometido a información pública mediante anuncio no BOP da Coruña do 3 de novembro de 2021”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33555
Data envío: 07/04/2022 15:07:20.585

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:07:15

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 28429**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación de inseguridade viaria a AC-305 no lugar de Cimadevila, no concello de Boiro"**, (publicada no BOPG número 267 do 31 de xaneiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O paso de peóns ao que fai referencia esta pregunta está situado no punto quilométrico 23+370 da AC-305, despois dunha gasoleira e na marxe dereita da estrada.

Segundo a base de datos da Dirección Xeral de Tráfico en canto aos accidentes rexistrados, con e sen vítimas, na AC-305, entre os puntos quilométricos 22 e 25, e entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 28 de febreiro de 2022, rexistrouse un accidente con vítimas no devandito treito, co resultado dun ferido leve no punto quilométrico 25+000, con firme mollado, por exceso de velocidade.

En canto a atropelos, e de novo de acordo coa base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, o último rexistrado aparece no 2017, no punto quilométrico 24+300, onde tamén hai un paso de peóns e tamén co resultado dun ferido leve. En consecuencia, a data de hoxe na fonte de datos que manexa a Axencia Galega de Infraestruturas, que é a da Dirección Xeral de Tráfico, non aparecen atropelos no paso de peóns do punto quilométrico 23+370, aínda que pode que estean pendentes de cargar datos recentes por parte da policía local de Boiro, de ser o caso.



En consecuencia, este treito non está identificado como de concentración de accidentes, de acordo coa metodoloxía amplamente utilizada polos xestores de estradas para priorizar e programar as actuacións en materia de seguridade viaria, dun modo absolutamente obxectivo. Non obstante, dende a Xunta de Galicia continuarase a realizar un seguimento da funcionalidade e seguridade deste paso de peóns, por se fose necesario implementar algunha medida de reforzo da mesma, ou transmitirlle ao concello de Boiro a súa necesidade de referirse a competencias municipais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33554
Data envío: 07/04/2022 15:07:12.023

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:07:07

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 29691**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a implantación de parques eólicos mariños nas costas galegas"**, (publicada no BOPG número 275 do 17 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con motivo do debate da pregunta 29690 que tivo lugar na sesión do 3 de marzo de 2022 da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NjE0MWMzZmItYzg2MC00YTEyLWE3NGQtNzY0MGEzNGNmNjc3&start=4754.206](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjE0MWMzZmItYzg2MC00YTEyLWE3NGQtNzY0MGEzNGNmNjc3&start=4754.206)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33553
Data envío: 07/04/2022 15:07:02.851

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:06:57

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 30188**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para incoar expedientes as entidades responsables da demora na remisión de facturas da luz"**, (publicada no BOPG número 278 do 17 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Comercio e Consumo, con motivo do debate da pregunta 30187 que tivo lugar na sesión do 4 de marzo de 2022 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=YzcyNTc5YjltZTE1OC00ZTMxLTg0ODctMTViYjQxZDkxMzc3&start=1954.148](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzcyNTc5YjltZTE1OC00ZTMxLTg0ODctMTViYjQxZDkxMzc3&start=1954.148)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33552
Data envío: 07/04/2022 15:06:53.539

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:06:50

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 30752**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a prórroga do contrato da Inspección Técnica de Vehículos"**, (publicada no BOPG número 283 do 25 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con motivo do debate da pregunta 30750 que tivo lugar na sesión do 10 de marzo de 2022 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZDRkOTk3ZmYtMTljYi00ZTRmLWFKYzMtYTE4Y2NmZjA1ZmZm&start=4917.387](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDRkOTk3ZmYtMTljYi00ZTRmLWFKYzMtYTE4Y2NmZjA1ZmZm&start=4917.387)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33562
Data envío: 07/04/2022 15:08:58.989

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:08:56

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31418**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carme González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a promoción desde a Xunta de Galicia da implantación de fábricas de compoñentes para a automoción"**, (publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da interpelación 31413 que tivo lugar na sesión plenaria do 23 de marzo de 2022.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=OWJmOGU3NmMtNGUwYi00YmI5LWI2NzAtMmlyZjNhZmRkZjRl&start=7577](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OWJmOGU3NmMtNGUwYi00YmI5LWI2NzAtMmlyZjNhZmRkZjRl&start=7577)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33551
Data envío: 07/04/2022 15:06:46.117

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:06:41

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31498**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da proposta de convenio de destinar dous pavillóns do Instituto Feiral de Vigo ao uso da práctica deportiva"**, (publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Comercio e Consumo, con motivo do debate da pregunta 31497 que tivo lugar na sesión do 24 de marzo de 2022 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=YTI5MGlyY2ltYTg4YS00YWQ3LTgwYzgtNTJiMTlkNzI2Y2Qw&start=1546](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTI5MGlyY2ltYTg4YS00YWQ3LTgwYzgtNTJiMTlkNzI2Y2Qw&start=1546)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33550
Data envío: 07/04/2022 15:06:36.930

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:06:32

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31607**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona Leticia Gallego Sanromán, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto das ofertas presentadas polas empresas que optan á compra do estaleiro de Barreras"**, (publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da pregunta 31606 que tivo lugar na sesión plenaria do 23 de marzo de 2022.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OWJmOGU3NmMtNGUwYi00YmI5LWI2NzAtMmlyZjNhZmRkZjRl&start=12841>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33549
Data envío: 07/04/2022 15:06:27.820

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/04/2022 15:06:23

CSV: BOPGDSPG-kOsORUsev-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

